

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 3 de febreiro de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Ana Laura Iglesias González

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día tres de febreiro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(81).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 20 de xaneiro de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(82).-DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DAS DATAS DE REALIZACIÓN DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.EXPTE. 24/1102.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía do 27/01/2017:

“De conformidade co disposto no artigo 126 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a Xunta de Goberno Local configúrase como o órgano municipal

que, baixo a presidencia do Alcalde, colabora de xeito colexiado na función de dirección política que a este lle corresponde e exerce as funcións executivas e administrativas que se sinalan no artigo 127 da citada Lei e calquera outras que lle sexan delegadas.

Mediante Resolución da Alcaldía de data 15/06/2015, apartado Terceiro, estipulouse que: *A Xunta de Goberno Local, previa convocatoria desta Alcaldía, realizará sesión ordinaria, con periodicidade semanal, todos os venres non festivos ás 9.00 horas da mañá.*

Examinada a antedita Resolución e vista a necesidade de variar as datas de realización das sesións ordinarias, con periodicidade semanal, da Xunta de Goberno Local é polo que, de conformidade co establecido nos artigos 43, 52 e 53 e demais concordantes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e preceptos da normativa anteriormente citada, no exercicio das facultades que como Alcalde-Presidente da Corporación me corresponden:

RESOLVO:

Primeiro.- Modificar a miña Resolución de data 15/06/2015, no que se refire ás datas de realización das sesións ordinarias, con periodicidade semanal, da Xunta de Goberno Local, quedando redactado o seu apartado Terceiro co seguinte texto:

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local, previa convocatoria desta Alcaldía, realizará sesión ordinaria, con periodicidade semanal, todos os **XOVES** non festivos ás 9.00 horas da mañá.

Sen prexuízo da dita periodicidade, o Alcalde poderá modificar o día e a hora de realización das sesións, así como suspendelas, en Semana Santa, Navidade ou pola coincidencia con outros períodos festivos, así como pospoñer ou avanzar a súa realización dentro da mesma semana ou a inmediatamente posterior, cando o día de realización sexa inhábil ou concorran circunstancias especiais.

Segundo.- Como consecuencia do antedito cambio de data, modificarase así mesmo o apartado Sexto da miña Resolución do 15/06/2015, no relativo ao envío dos expedientes á Xunta de Goberno Local, quedando o apartado Sexto redactado do seguinte xeito:

Sexto.- De conformidade co sinalado no artigo 177 do RD 2568/1986, para que os expedientes conclusos se poidan incluír na orde do día dunha sesión, haberán de axustarse ao disposto na Circular 1/2015 da Secretaría da Xunta de Goberno Local, e estar en poder da Secretaría do Goberno Local, tres días antes do sinalado para realizala, é dicir, ás 12:00 horas do **LUNS** da semana de realización.

Terceiro.- A realización de sesións extraordinarias e urxentes deberá xustificarse axeitadamente e de xeito individualizado para cada expediente que, no seu caso, se inclúa na orde do día, evitando o recurso ao dito tipo de sesións mediante unha correcta planificación do servizo e a tramitación dos expedientes baixo os principios de impulso, celeridade e eficiencia no seu despacho. Aos ditos efectos non constituirá motivación suficiente o atraso na tramitación administrativa imputable aos servizos municipais, estando suxeitos ás mesmas formalidades que os expedientes para incluír nas sesións ordinarias.

Cuarto.- Comunicar esta Resolución a todos os concelleiros e concelleiras afectados e aos xefes das diferentes áreas e servizos municipais, para o seu coñecemento e efectos, a través da súa inserción na Intranet.

Quinto.- A presente resolución entrará en vigor o día **6 de febreiro de 2017** e, na aplicación da nova periodicidade semanal, a primeira sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local realizarase o día **9 de febreiro de 2017** e así sucesivamente todos os seguintes **xoves** non festivos **ás 9:00 da mañá**; sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no artigo 44.2 do RD 2568/198, na sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno

Sexto.- Da presente resolución darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, de conformidade co establecido no artigo 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.”

A Xunta de Goberno Local queda informada.

3(83).-DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO EN RELACIÓN COS CONTRATOS DE SERVIZOS DE LIMPEZA E PEQUENO MANTEMENTO DAS DEPENDENCIAS E INSTALACIÓNS DA EMAO DOS SERVIZOS DE LIMPEZA DE ÁREAS DEPORTIVAS, VESTIARIOS, SERVIZOS HIXIÉNICOS E OUTROS ESPAZOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO IMD. EXPTE.5807/241.

Dáse conta do informe-proposta do 01/02/17, da xefa do servizo de Contratación, conformado polo concelleiro-delegado de área:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RS).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación mediante procedemento aberto do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios (PCAP).

- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación mediante procedemento aberto do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios (PPT).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación mediante procedemento aberto dos servizos de limpeza das áreas deportivas, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos nas instalacións deportivas dependentes do Instituto Municipal dos Deportes (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación mediante procedemento aberto dos servizos de limpeza das áreas deportivas, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos nas instalacións deportivas dependentes do Instituto Municipal dos Deportes (PPT).
- Lei 2/2015, de 30 de marzo, de Desindexación da Economía Española.

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro.- En data 28 de setembro de 2012, a Xunta Reitora do Instituto Municipal dos Deportes de Vigo (en adiante, XRIMD), aprobou o expediente para a contratación por procedemento aberto dos servizos de limpeza das áreas deportivas, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos nas instalacións deportivas dependentes do Instituto Municipal dos Deportes, os pregos que rexen a contratación, autorizou o gasto e acordou a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- En data 15 de marzo de 2013, a XRIMD, tras a finalización do procedemento de licitación, acordou adxudicar o citado contrato á SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES, S.L. (en adiante, STAR ou o recorrente), por un prezo de 1.052.700 € (IVE incluído) e un prazo de 3 anos.

O contrato formalizouse en data 29 de maio de 2013, e comezou a súa execución en data 1 de xuño de 2013.

Terceiro.- En data 10 de xullo de 2013, a Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios (en adiante, XREMAO), aprobou o expediente para a contratación por procedemento aberto dos servizos de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios, os pregos que rexen a contratación, autorizou o gasto e acordou a apertura do procedemento de licitación.

Cuarto.- En data 13 de marzo de 2014, a XREMAO, tras a finalización do procedemento de licitación, acordou adxudicar o citado contrato á SOCIEDAD PARA EL TRATAMIENTO DE AGUAS RESIDUALES, S.L., por un prezo de 263.189,52 € (IVE incluído) e un prazo de 2 anos.

O contrato formalizouse en data 11 de abril de 2014, e comezou a súa execución en data 15 de abril de 2014.

Quinto.- En data 26 de outubro de 2015, o Pleno do Concello de Vigo acordou suprimir determinados organismos autónomos, entre eles, o Instituto Municipal dos Deportes de Vigo e a Escola Municipal de Artes e Oficios, subrogándose o Concello de Vigo, nos dereitos e obrigas dos mesmos. En consecuencia, o órgano de contratación na actualidade é a Xunta de Goberno Local.

Sexto.- En data 1 de abril de 2016, D. Angel González Barciela, actuando en nome e representación de STAR, presenta sendos escritos no Rexistro Xeral deste Concello

solicitando a modificación dos citados contratos para reequilibralos economicamente, evitando así o enriquecemento inxusto do Concello por mor do cambio das circunstancias tidas en conta no momento da súa adxudicación: a aprobación do Real Decreto-Lei 16/2013, de 20 de decembro, que impón a obriga de cotizar polo plus do transporte e o Convenio Colectivo de Limpeza de Pontevedra, publicado o día 14 de outubro de 2015, que incrementa os custes salariais.

Sétimo.- En data 21 de outubro de 2016, a XGL adopta dous acordos desestimando as solicitudes de modificación por ruptura do equilibrio económico dos contratos do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios, e dos servizos de limpeza das áreas deportivas, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos nas instalacións deportivas dependentes do Instituto Municipal dos Deportes.

As citadas resolucións notificáronse ao interesado en data 28 de outubro de 2016.

Oitavo.- En data 28 de novembro de 2016, D. Angel González Barciela, en nome e representación de STAR, presenta recurso de reposición impugnando os acordos citados no antecedente anterior.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

-I-

Obxecto do recurso de reposición

Son obxecto da presente impugnación os acordos adoptados pola Xunta de Goberno do Concello de Vigo, na sesión celebrada o día 21 de outubro de 2016, denegando as solicitudes formuladas polo contratista, de modificación por ruptura do equilibrio económico dos contratos do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios, e do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios.

-II-

Da acumulación dos procedementos

Por razóns de economía procedimental, a lei de procedemento administrativo permite que o órgano administrativo que inicie ou tramite un procedemento, calquera que sexa a forma da súa iniciación, potestativamente, poida dispoñer a súa acumulación a outros cos que garde identidade substancial ou íntima conexión (artigo 57 LPAC).

No presente caso, aínda que a Administración resolveu por separado as solicitudes de modificación relativas a cada un dos contratos de que é adxudicatario o recurrente, dado que o contido das resolucións é idéntico, este optou por presentar un único escrito de recurso impugnado ambas. En consecuencia, a xuízo da informante, aos efectos de resolver o recurso procede acordar a acumulación dos procedementos.

Contra o acordo de acumulación non procederá recurso ningún.

-III-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

O recurso de reposición é un recurso administrativo ordinario que procede interpoñer contra os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa (artigo 112.1 LPAC).

É preciso, en primeiro lugar, analizar si concorren no presente recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a admisión do mesmo, ou pola contra, concorre unha causa de inadmisión.

Son causas de inadmisión dos recursos administrativos (artigo 116 LPAC):

- a) Ser incompetente o órgano administrativo, cando o competente pertencese a outra Administración Pública.
- b) Carecer de lexitimación o recorrente.
- c) Tratarse dun acto non susceptible de recurso.
- d) Transcorrer o prazo para a interposición do recurso.
- e) Carecer o recurso manifestamente de fundamento.

En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles de recurso de reposición os actos que poñan fin á vía administrativa (artigo 123.1 LPAC), sendo tales (artigo 114 LPAC):

- a) As resolucións dos recursos de alzada.
- b) As resolucións dos procedementos de impugnación a que se refire o artigo 112.2.
- c) As resolucións dos órganos administrativos que carezan de superior xerárquico, salvo que unha Lei estableza o contrario.
- d) Os acordos, pactos, convenios ou contratos que teñan a consideración de finalizadores do procedemento.
- e) A resolución administrativa dos procedementos de responsabilidade patrimonial, calquera que fose o tipo de relación, pública ou privada, de que derive.
- f) A resolución dos procedementos complementarios en materia sancionadora aos que se refire o artigo 90.4.
- g) As demais resolucións de órganos administrativos cando unha disposición legal ou regulamentaria así o estableza.

Así mesmo, o recurso deberá fundamentarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da LPAC (artigo 112.1 LPAC).

Son nulos de pleno dereito os seguintes actos administrativos (artigo 47.1 LPAC):

- a) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.
- b) Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.
- c) Os que teñan un contido imposible.
- d) Os que sexan constitutivos de infracción penal ou se diten como consecuencia desta.
- e) Os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados.
- f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para o seu adquisición.

g) Calquera outro que se estableza expresamente nunha disposición de rango legal.

Son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder (artigo 48.1 LPAC). Con dúas excepcións:

- O defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin, ou de lugar á indefensión dos interesados (artigo 48.2 LPAC).
- A realización de actuacións administrativas fora do tempo establecido para elas só implicará a anulabilidade do acto cando así o impoña a natureza do término ou prazo (artigo 48.3 LPAC).

No caso que nos ocupa, dado que os acordos do órgano de contratación poñen fin á vía administrativa por carecer de superior xerárquico, tratase dun acto recorrible en reposición (artigo 114.c LPAC).

O recorrente impugna as citadas resolucións amparándose na suposta indefensión que lle provoca o feito de que a Administración non teña por acreditados os feitos alegados para motivar a súa solicitude e non practicase proba, circunstancia pola que considera nulas as resolucións impugnadas.

En canto aos **requisitos subxectivos**, dado que a lei non establece requisitos especiais para recorrer en reposición, hai que estar as regras xerais en materia de lexitimación. Así, poderá recorrer en reposición calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexítimos víronse prexudicados ou poidan resultar afectados polos actos obxecto de recurso (artigo 4.1.a LPAC). En consecuencia, hai que recoñecer lexitimación ao recorrente por ser titular de dereitos ou intereses lexítimos na súa calidade de contratista.

Respecto aos **requisitos formais**, a lei determina que o recurso poderá interperse ante o órgano que ditou o acto que se impugna (artigo 123.1 LPAC), e esixe que o escrito de interposición do recurso exprese as seguintes circunstancias (artigo 115.1 LPAC):

- O nome e apelidos do recorrente, así como a identificación persoal do mesmo.
- O acto que se recorre e a razón da súa impugnación.
- Lugar, data, firma do recorrente, identificación do medio e, no seu caso, do lugar que se sinale a efectos de notificacións.
- Órgano, centro ou unidade administrativa ao que se dirixe e o seu correspondente código de identificación.
- As demais particularidades esixidas, no seu caso, polas disposicións específicas.

Circunstancias que concorren no presente caso.

Respecto os **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo para a interposición do recurso de reposición dun mes, se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa (artigo 124.1 LPAC). Dado que os acordos recorridos son de data 21 de outubro de 2016, e notificáronse ao interesado en data 28 de outubro de 2016, a interposición do recurso de reposición en data 28 de novembro do mesmo ano realizouse en prazo.

Resta analizar se o recurso carece manifestamente de fundamento. Dado que o escrito de recurso está fundamentado, con independencia de que posteriormente se realice unha análise dos motivos de impugnación e poidan desestimarse os mesmos, non procede inadmitir o recurso por este motivo previsto no artigo 116.e da LPAC.

Tendo en conta que o recurso reúne os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais esixidos pola lei procede a súa admisión e deberá resolverse sobre o fondo dos mesmos.

-IV- Tramitación do recurso

Con relación a tramitación do recurso, a lei se limita a establecer un eventual **trámite de audiencia**, no que os interesados poderán formular alegacións e presentar os documentos e xustificantes que estimen procedentes.

Este trámite de audiencia so procederá (artigo 118 LPAC) nos seguintes casos:

- Cando haxan de terse en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario (artigo 118.1 LPAC).
- Si houbese outros interesados (artigo 118.2 LPAC).

Neste caso non concorre ningunha destas circunstancias, polo que non resulta preciso evacuar o trámite de audiencia.

O recorrente solicita a **práctica de proba** no seu escrito de recurso. Manifiesta que “en las conclusiones de las resoluciones impugnadas, se llega a manifestar única y exclusivamente que no se han aportado pruebas concluyentes del desequilibrio de los contratos y del enriquecimiento injusto de la Administración, debiendo de manifestar sobre tal cuestión que con nuestros escritos hemos aportado los elementos de juicio necesarios para apreciar tales circunstancias y, en todo caso, no debemos olvidar la legislación aplicable a este supuesto. En efecto, el artículo 80.2 de la Ley 30/1992, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común, establece que “cuando la Administración no tenga por ciertos los hechos alegados por los interesados o la naturaleza del procedimiento lo exija, el instructor del mismo acordará la apertura de un período de prueba ... a fin de que puedan practicarse cuantas juzgue pertinentes”. E conclúe que “si no existen esas pruebas a las que se refieren las resoluciones impugnadas, es por culpa únicamente imputable a la Administración”, o cal provócalle indefensión, razón pola que solicita a nulidade das resolucións impugnadas e solicita por medio de otrosí a práctica de probas consistentes en:

- Proba pericial a fin de acreditar que o incremento dos custes salariais é excepcional e non resultaba previsible.

A xuízo da informante, nas resolucións impugnadas analizouse a concorrencia dos requisitos esixidos para apreciar a ruptura do equilibrio económico do contrato e o suposto enriquecemento inxusto da Administración municipal. E non se apreciou a concorrencia destes requisitos, non por falla de proba, senón pola falla de concorrencia dos presupostos esixidos pola lei e a doutrina xurisprudencial para aplicalos. A Administración municipal ten por certos os feitos alegados polo recorrente respecto dos incrementos salariais que lle produzo a aprobación do Real Decreto-Lei 16/2013, de 20 de decembro e do Convenio Colectivo de Limpeza de Pontevedra. Máis considera que este incremento dos custes salariais “encadranse na alea inherente o risco e ventura que pesa sobre o contratista na execución do contrato. Pois, tal e como establece o TS “la contratación administrativa se caracteriza también por llevar inherente un elemento de aleatoriedad de los resultados

económicos del contrato, al estar expresamente proclamado por la ley el principio de riesgo y ventura del contratista” (STS de 20 de abril de 2015, RC 54/2013)” (sic fundamento xurídico sexto das resolucións impugnadas), e así se recolle nas resolucións impugnadas. Hai que ter en conta, ademais, que no recurso non se alegan novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario. En consecuencia, non procede a práctica de proba solicitada.

Con relación a **resolución do recurso**, a lei establece que deberá estimar en todo ou en parte, ou desestimar as pretensións formuladas no mesmo ou ben declarar a súa inadmisión (artigo 119.1 LPAC). O órgano que resolva o recurso decidirá cantas cuestións, tanto de forma como de fondo, expoña o procedemento, sexan ou non alegadas polos interesados. Neste último caso oíráselles previamente. No entanto, a resolución será congruente coas peticións formuladas polo recorrente, sen que en ningún caso poida agravarse a súa situación inicial (artigo 119.3 LPAC).

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso é dun mes (artigo 124.2 LPAC). Prazo que poderá ampliarse excepcionalmente se concorresen as circunstancias previstas no artigo 21.5 da LPAC (artigo 23.1 LPAC), que non é o caso.

Este prazo xa finalizou. No entanto, a Administración ten a obriga de ditar resolución expresa e notificala en todos os procedementos (artigo 22 TRLCSP).

En caso de incumprimento da obriga de resolver en prazo a lei, en aras da seguridade xurídica dos administrados e da protección dos seus dereitos e intereses lexítimos, arbitra o mecanismo do silencio administrativo. Se trata dunha ficción xurídica que establece determinados efectos o denominado acto presunto, a resolución que tiña que producirse máis non se produzo. Nesta liña a doutrina xurisprudencial establece que *“en los supuestos de silencio administrativo, el denominado “acto presunto” no es sino una ficción porque realmente no existe tal acto administrativo, independientemente de la eficacia positiva ou negativa que legalmente se anude al mutismo de la Administración”* (STS de 20 de abril de 1996, Sala 3ª, sección 6ª). O artigo 24 da LPAC regula os efectos do silencio. En caso de procedementos de impugnación de actos e disposicións iniciados a solicitude do interesado, como o presente, o sentido do silencio será desestimatorio.

A ficción legal do silencio non exime á Administración da obriga de resolver. Se ben se a resolución expresa que se produce fora de prazo, esta condicionada o seguinte réxime (artigo 24 LPAC):

- Nos casos de estimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior á produción do acto só poderá ditarse de ser confirmatoria do mesmo.
- Nos casos de desestimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior ó vencemento do prazo adoptárase pola Administración sen vinculación algunha ó sentido do silencio.

É dicir, no presente caso a Administración non está condicionada polo sentido do silencio.

-V-

Motivos de impugnación de la resolución recorrida

Alega o recorrente os seguintes motivos de impugnación:

1. A estimación das súas solicitudes por silencio administrativo (alegación I).
2. Xustifica a presentación dun único escrito de recurso no feito de que os acordos impugnados son idénticos e consonte o artigo 57 da LPAC poderían terse acumulado (alegación II).
3. Argumenta que a pesar de que a Administración municipal desestimou as súas solicitudes de modificación do contrato esta “está convencida de que es factible a modificación ou a revisión de prezos do contrato”, e a desestimación prodúcese porque considera que non concorren os requisitos esixidos pola xurisprudencia para considerar a existencia dun risco imprevisible (alegación III).
4. Da por reproducido o contido dos escritos de solicitude e solicita de novo a modificación e revisión de prezos dos contratos (alegación IV).
5. As resolucións impugnadas ignoran que os pregos que rexen os contratos obxecto deste recurso conteñen unha cláusula de revisión de prezos. Este feito, na súa opinión, reforza a admisión de súa tese. (alegación V).
6. Refírese aos fundamentos xurídicos das resolucións impugnadas e contraargumenta a fundamentación de cada un deles (alegación VI).
7. Considera que dado que as resolucións impugnadas conclúen na falta de acreditación do desequilibrio dos contratos e do enriquecemento inxusto da Administración, debeu practicarse proba consonte ao previsto no artigo 80.2 da LRJAP. E a falla de práctica de proba, tendo en conta que a Administración non da por probados os feitos, considera que lle produce indefensión (alegación VII).

Analizaremos nos fundamentos xurídicos seguintes as alegacións formuladas no escrito de recurso agás as seguintes:

- A alegación II relativa a acumulación dos procedementos, pois non é un motivo de impugnación senón unha cuestión procedimental, e que xa é obxecto de tratamento no fundamento xurídico II deste escrito.
- A alegación III porque se limita a expresar unha opinión e a aportar información sobre as vicisitudes dos dous contratos e tampouco é un motivo de impugnación.
- A alegación IV se limita a solicitar que se de por reproducido o contido das solicitudes de modificación, que xa foron obxecto de cumprida resposta.
- A alegación VII versa sobre a práctica de proba, cuestión procedimental que xa foi tratada no fundamento xurídico IV do presente escrito.

- VI-

Da estimación das solicitudes de modificación do contrato por silencio administrativo (alegación I)

O recorrente comeza o escrito de recurso citando a obriga de resolver da Administración (artigo 42 da LRJAP) e os prazos para emitir e notificar as resolucións (artigo 43 da LRJAP), para concluír que entende estimada a súa solicitude de modificación dos contratos de que é adxudicatario por silencio administrativo. Argumenta para xustificar esta afirmación que, segundo o artigo 43.3 da LRJAP nos procedementos iniciados a solicitude do interesado o vencemento do prazo máximo para resolver sen haberse notificado resolución expresa ao interesado lexítima a este para entendela estimada por silencio administrativo.

Esquece o recorrente que o presente expediente refírese a un procedemento de contratación, en concreto solicítase a modificación de dous contratos dos que é

adxudicatario pola suposta ruptura do equilibrio económico dos mesmos. A modificación dos contratos é unha das prerrogativas que ostentan as Administracións públicas no seo dos contratos administrativos por imperativo dos artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais, prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 31 do PCAP de cada un dos contratos que nos ocupan.

Pois ben, o sistema de fontes aplicable para a regulación dos procedementos de contratación fíxase na disposición final terceira do TRLCSP. Comeza esta disposición establecendo que “Os procedementos regulados nesta Lei rexeranse, en primeiro término, polos preceptos contidos nela e nas súas normas de desenvolvemento e, subsidiariamente, polos da Lei 30/1992, de 26 de novembro, e normas complementarias”. E a lexislación de contratos determina que nos procedementos de contratación iniciados a solicitude dun interesado, cando se refiran ao exercicio de prerrogativas administrativas, no caso de non resolverse e notificarse a resolución no prazo conferido ao efecto, o sentido do silencio é desestimatorio da mesma. Neste senso, establece o apartado 2 da disposición final terceira do TRLCSP que “2. En todo caso, nos procedementos iniciados a solicitude dun interesado para os que non se estableza especificamente outra cousa e que teñan por obxecto ou se refiran á reclamación de cantidades, o exercicio de prerrogativas administrativas ou a calquera outra cuestión relativa a execución, consumación ou extinción dun contrato administrativo, unha vez transcorrido o prazo previsto para a súa resolución sen haberse notificado esta, o interesado poderá considerar desestimada a súa solicitude por silencio administrativo, sen prexuízo da subsistencia da obrigaçión de resolver”.

Nesta liña, o ditame do Consejo de Estado, en ditame 477/2001, di que “Este Consejo considera, sin embargo, que no puede postularse una aplicación supletoria indiscriminada de la Ley 30/1992 (LRJPAC) en el ámbito de la contratación administrativa, y que la misma puede quedar obstaculizada por ser contraria a los principios generales que rigen la contratación pública. A esta misma conclusión parece llegar la JCCA en su informe 16/2000, de fecha 11 de abril, que versa precisamente sobre la “Aplicación de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, a los procedimientos en materia de contratación”. Señala a este respecto el citado informe que: “... los procedimientos en materia de contratación administrativa se rigen por la LCAP y sus normas de desarrollo y, por tanto, la aplicación supletoria únicamente puede entrar en juego, no sólo cuando la normativa a aplicar en primer lugar guarde silencio sobre un determinado extremo, sino, sobre todo, cuando la normativa supletoria no sea contraria al contenido general y principios generales que inspiran aquélla, pues en estos casos debe entenderse que la materia aparece regulada por la primera. En el caso concreto que se examina, la duración y efectos de la adjudicación de los contratos y de los llamados procedimientos para la modificación, resolución, cesión de los contratos y subcontratación debe quedar subordinada al cumplimiento de los trámites y al despliegue de efectos que la legislación de contratos de las Administraciones Públicas consagra y si tales trámites y efectos son incompatibles con los plazos y efectos que la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común señala esta última debe quedar descartada en su aplicación puramente supletoria. La primera conclusión que, por tanto, debe ser mantenida es la de que en los procedimientos reseñados de adjudicación, modificación, resolución, cesión de los contratos y subcontratación deben cumplirse los trámites y deben producirse los efectos que señala la legislación de contratos de las Administraciones Públicas, cualesquiera que sean los plazos de duración y efectos recogidos en las normas puramente procedimentales”.

Procede, pois, desestimar a alegación primeira do escrito de recurso.

- VII-

Da revisión de prezos (alegación V)

Na alegación V o recorrente afirma que as resolucións impugnadas ignoran que os pregos que rexen os contratos obxecto deste recurso conteñen unha cláusula de revisión de prezos. Este feito, na súa opinión, reforza a admisión de súa tese.

Parece confundir o recorrente dúas figuras distintas: a revisión de prezos e a modificación dos contratos.

A posibilidade de modificar un contrato é unha prerrogativa da Administración contratante, que pode exercitar por razóns de interese público e dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos sinalados na lei (artigo 210 TRLCSP). Na actualidade, so poderá modificar os contratos cando así se previu nos pregos ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 (artigo 105 TRLCSP). Máis aínda que este prevista a modificación do contrato, esta é eventual, podería producirse ou non segundo concorran os supostos previstos para que opere. En cambio, a revisión de prezos é un mecanismo previsto pola lei para garantir o equilibrio económico dos contratos de curta duración, como o que nos ocupa, e por ende a súa viabilidade, o que supón unha excepción aos principios de prezo certo, risco e ventura e "pacta sunt servanda". Unha vez prevista a revisión de prezos nun contrato, esta deberá operarse nos prazos previstos, pois as revisións deberán ser periódicas e preterdeterminadas (artigo 89.1).

A lei, tras fixar que a retribución do contratista consistirá nun prezo certo (artigo 87.1 TRLCSP), admite a posibilidade de que, os prezos poidan ser revisados (artigo 87.3 TRLCSP) para ter en conta as variacións económicas que acaezan perante a súa execución.

Esta materia ha sido obxecto dunha profunda modificación pola Lei 2/2015, de Desindexación da Economía Española, que elimina a revisión de prezos para os contratos de servizos, como o que nos ocupa, limitándoa aos contratos de obra, fornezo de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas, así como para aqueles contratos cuxo período de recuperación dos investimentos sexa igual ou superior a cinco anos. Feito que ben a confirmar a doutrina e xurisprudencia citada nas resolucións recorridas relativa a improcedencia de modificar o contrato por ruptura do equilibrio económico do contrato nos de curta duración, para os que a lei xa nin sequera se prevé a revisión de prezos, coas excepcións citadas.

Se ben, á vista do exposto polo recorrente ao longo do recurso parece deducirse que nos contratos que nos ocupan non se realizaron as revisións de prezos previstas nos pregos, polo que procedería a realización das mesmas.

-VIII-

Da fundamentación das resolucións impugnadas (alegación VI)

Alega o Sr. González no fundamento xurídico III que non pretende a modificación do contrato senón unicamente a revisión de prezos.

A continuación repasa as resolucións e sentenzas citadas nas resolucións impugnadas para realizar unha interpretación das mesmas diferente á realizada pola Administración, ou para matizar algúns aspectos das mesmas que, na súa opinión, erroneamente non se tiveron en conta nas citadas resolucións.

Conclúe a alegación VI reiterando que nos seus escritos solicitou a revisión de prezos dos contratos para restablecer o equilibrio económico dos mesmos e evitar o enriquecemento inxusto desta Administración.

Recordemos que o recorrente presentou sendas solicitudes requirindo a esta Administración a modificación dos contratos dos que é adxudicatario pola ruptura do equilibrio económico dos mesmos, motivada pola aprobación do Real Decreto-Lei 16/2013, de 20 de decembro,

que impón a obriga de cotizar polo plus do transporte e o Convenio Colectivo de Limpeza de Pontevedra, publicado o día 14 de outubro de 2015, e que incrementan os seus custes salariais. No entanto, en vía de recurso parece que transforma a súa solicitude de modificación nunha solicitude de revisión de prezos.

Dado que o recorrente non desvirtúa co seu razoamento os motivos alegados nas resolucións impugnadas para desestimar a súa solicitude de modificación do contrato, non procede estimar tampouco a alegación sexta do escrito de recurso.

-IX- Acordo

O órgano competente para a resolución do recurso de reposición é o órgano que ditou o acto recorrido, a Xunta de Goberno Local.

En mérito ó exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Acumulación do procedemento aberto dos servizos de limpeza das áreas deportivas, vestiarios, servizos hixiénicos e outros espazos nas instalacións deportivas dependentes do Instituto Municipal dos Deportes e do procedemento aberto dos servizos de limpeza de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios aos únicos efectos de resolver o recurso de reposición citado no punto 2º deste acordo.

2º.- Admitir o recurso de reposición interposto por D. Angel González Barciela, actuando en nome e representación de STAR, en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 28 de novembro de 2016, contra os acordos da Xunta de Goberno Local de data 21 de outubro de 2016 desestimando as solicitudes de modificación por ruptura do equilibrio económico dos contratos do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios (expediente 886-13), e do servizo de limpeza e pequeno mantemento das dependencias e instalacións da Escola Municipal de Artes e Oficios (expediente 563-11).

3º.- Denegar a proba proposta polo recorrente no escrito de recurso por no resultar procedente polas razóns expostas no fundamento xurídico cuarto deste informe.

4º.-Desestimar o citado recurso de reposición interposto por D. Angel González Barciela, actuando en nome e representación de STAR, polas razóns expostas nos fundamentos xurídicos cuarto, quinto, sexto, sétimo e oitavo do presente informe.

5º.- Contra a resolución deste recurso procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa (artigo 49 TRLCSP), excepto no referente a acumulación de procedementos acordada no punto 1º do presente acordo, que non é susceptible de recurso consonte ó disposto no artigo 57 da LPAC”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(84).-PROXECTO DE CONVENIO PARA A RECOLLIDA DE ANIMAIS SOLTOS E ATENCIÓN DO CENTRO DE RECOLLIDA OU REFUXIO DE ANIMAIS. EXPTE. 12121/306.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 12/01/17 e o informe de fiscalización do 26/01/17, dáse conta do informe-proposta do 13/01/17, do xefe do servizo de Medio Ambiente, conformado polo técnico de Admon. Xeral do servizo, pola concelleira-delegada de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“I.- Antecedentes

I.1.-A Xunta de Goberno Local en sesión do 15 de febreiro de 2013, aprobou o “Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Protectora de Animais de Vigo para a recollida de animais soltos e a atención do refuxio de animais de A Madroa (expte. 8949/306)”.

I.2.- O convenio formalizouse en documento administrativo en data do 28 de febreiro de 2013.

I.3.- Dito convenio ten por finalidade, fundamentalmente, a colaboración na prestación dos servizos necesarios por parte da Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo (en adiante, APAPV), para a recollida, albergue, custodia, coidado e alimentación de animais – cans e gastos - abandonados, vagabundos, confiscados ou retirados pola autoridade competente que se alberguen nas instalacións municipais do monte de A Madroa, coidando as instalacións e especialmente os aspectos hixiénico-sanitarios destas, sempre baixo a supervisión dos técnicos municipais e da concellería delegada competente.

I.4.- O convenio asinouuse en data do 28/02/2013 e entrou en vigor o 1/03/2013, tendo vixencia ata o día 29/02/2016, e existindo a posibilidade da súa prorroga por un ano máis, é dicir, do 1/03/2016 ata o 28/02/2017, data da súa extinción.

I.5.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 27 de novembro de 2015, acordo a prórroga do convenio polo prazo dun ano comprendido dende o 1 de marzo de 2016 ata o 28 de febreiro de 2017.

I.6.- A APAPV cumpriu coas obrigas establecidos no convenio de forma axeitada durante o período que levamos de vixencia deste, sen ningún tipo de incumprimentos nin incidencias significativas.

I.7.- A APAPV presentou escrito no Rexistro Xeral do Concello de Vigo en data do 06/09/2016 (doc. 160118367), manifestando a súa vontade de manter a súa colaboración co Concello de Vigo e instando a apertura dun procedemento administrativo para a elaboración e subscrición dun novo convenio ante a próxima extinción do vixente.

I.9.- A concelleira de Medio Ambiente e Vida Saudable, en virtude das competencias atribuída por decreto do alcalde de data 19/06/2015 en relación co acordo da XGL da mesma data (BOP 14/07/2015) en data do 7 de novembro de 2016, iniciou procedemento para a aprobación dun novo convenio de colaboración (expte. 12121/306).

En dito procedemento consta a seguinte documentación aportada pola APAPV:

- CIF da asociación (G36638955)
- Copia dos estatutos da asociación debidamente inscritos no Rexistro de Asociacións.
- Certificación da composición da Xunta Directiva e da súa presentación nos Rexistro oficiais.
- Certificación conta bancaria da asociación.
- Certificacións da AEAT, TXSS, Axencia Tributaria de Galicia de estar ó corrente de pago nas súas obrigas tributarias e da seguridade social.
- Desglose de gastos relativos a xestión do refuxio da animais e programa de esterilización felina e da conta de perdas e ganancias da entidade referidos á anualidade ppda.
- Acreditación de gastos de persoal (nóminas, seguridade social), facturación de gastos farmacéuticos, de servizos veterinarios, de alimentos, de xestión de residuos, de seguros referidos, fundamentalmente, a unha mensualidade e, por tanto, extrapolables a unha anualidade.

Asemade, constan os seguintes informes e documentos:

- Certificación da Tesourería municipal de 13/12/2016 de que APAPV está ó corrente de pago coas obrigas tributarias da facenda local.
- Informes dos Servizos Enerxéticos Municipais de 27 e 30/12/2016 relativos ó custe de subministro de enerxía eléctrica das instalacións municipais do refuxio de animais de A Madroa.
- Informe do Servizo de Administración Electrónica de 29/12/2016 relativo ó custe de telefonía fixa na antes dita instalación.
- Memoria xustificativa do xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, conformado polo concelleira delegada da Área, de data 09/01/2017 na que se xustifica a conveniencia e oportunidade e obxecto do convenio, o orzamento, partidas orzamentarias para facer fronte ós gastos que o convenio conleva.
- Proxecto do Convenio de Colaboración redactado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, conformado polo concelleira delegada da Área, de data 09/01/2017.
- Informe xurídico do técnico de Administración Xeral do Servizo de Medio Ambiente de data 12/01/2017.

II.- Contido do convenio

II.1.- Segundo o proxecto de convenio, a APAPV obrígase a realizar unha serie de tarefas tales como:

- a) O albergue, custodia, coidado e alimentación da totalidade dos cans, gastos e demais animais que se alberguen nas instalacións do centro de recollida.
- b) A recollida dos animais abandonados que se atopen vagando polo termo municipal de Vigo, nas condicións que se especifican.
- c) O sacrificio, mediante procedementos eutanásicos, dos animais enfermos crónicos ou incurables, así como dos que padezan enfermidades transmisibles ao ser humano ou aos outros animais.
- d) O coidado, atención e vixilancia dos animais illados ou en observación no recinto.
- e) O cumprimento da normativa hixiénico-sanitaria aplicable.
- f) Facilitar ó Concello a documentación dos animais e levar a relativa á súa entrada e admisión, vacinacións, sacrificios, identificación, etc.

- g) Realizar os implantes electrónicos (microchips) nos cans e gatos que a APAPV destine a cesión ou doazón.
- h) Facilitar, en colaboración co Concello, a adopción dos animais acollidos nas instalacións da Madroa.

II.2. Como contrapartida, recoñécense á APAPV unha serie de dereitos, entre os que debemos salientar os seguintes:

a) Á utilización da superficie, edificación e instalacións municipais da Madroa para o cumprimento dos fins previstos no convenio.

b) A que o Concello realice pola súa conta as reparacións, reposicións ou modificacións nas instalacións que se consideren necesarias para o mantemento destas e a súa correcta funcionalidade, exceptuando aqueles casos que deriven de danos por negligencia ou a actuación dolosa do persoal da APAPV.

c) A recibir a protección municipal precisa para o mellor cumprimento da normativa aplicable aos animais.

d) A recibir do Concello unha cantidade anual de 96.000 euros, (NOVENTA E SEIS MIL EUROS) en doce mensualidades a razón de 8.000 euros mensuais a partires da entrada en vigor do convenio; Dos 8.000 euros mensuais a percibir pola Asociación Protectora, 1.600 euros deberán ser destinados, de conformidade co concello de Vigo, aos custos derivados da execución do programa en materia sanitaria para o control das colonias felinas da cidade de Vigo, e que deixará de percibir, minorándose a apartación municipal nesa cantidade de 1.600 euros, no momento en que o devandito programa deixe de executarse por acordo expreso do órgano municipal competente.

A forma de pagamento será a que segue: a APAPV solicitará mensualmente o pagamento e o centro xestor, Servizo de Medio Ambiente, emitirá certificación que acredite ou xustifique o cumprimento íntegro do convenio para os efectos de recoñecemento da obriga e o seu pagamento, nos termos da base 40ª.5. das Bases de execución do orzamento.

O gasto que se imputara á partida orzamentaria 1721.227.99.04 (*“Convenio Sociedade Protectora de animais”*) dos vixentes presupostos.

e) A dispor da subministración gratuíta de auga, luz e teléfono fixo.

II.3. Prohíbeselle expresamente á APAPV o establecemento de convenios ou concertos puntuais con propietarios ou posuidores de animais para a exclusiva custodia ou garda mediante prezo. Tampouco poderá concertar a custodia ou mantemento de animais con outras entidades, públicas ou privadas.

II.4. Para a aplicación e desenvolvemento do acordado así como para resolver as dúbidas e controversias que puidesen suscitarse ó longo da súa vixencia, constitúese unha Comisión Mixta, que estará integrada por dous representante do Concello de Vigo e outros dous da APAPV.

II.5. O convenio entrará en vigor o día un de marzo do ano 2017 e terá unha vixencia de tres (3) anos, sendo prorrogable polo período máximo de un (1) ano, por acordo expreso do

órgano municipal competente para a súa aprobación, trala conformidade da APAPV, e ditado cunha antelación mínima de, alomenos, tres meses á data de expiración do convenio.

III.- Fundamentos de dereito

O técnico de Administración Xeral do Servizo de Medio Ambiente emite informe xurídico favorable ó proxecto de convenio en data 12/01/2017, reflectindo no seu apartado IV de consideracións xurídica o seguinte:

“IV. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

IV.1. Analizado o texto do proxecto de convenio de colaboración agora proposto compre manifestar que é moi semellante aos aprobados no seu momento pola XGL do 20.12.2004 (Expte. 2959/306); 17.03.2008 (Expte 5512/306) e do 15/02/2013 (Expte. 8949/306), cos informes favorables dos técnicos municipais e da Intervención municipal.

IV.2. A actuación municipal nesta materia viría expresamente amparada polo disposto nos Artigos 2.1 e 25 da LRBRL (na redacción dada trala reforma operada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en diante LRSAL), en relación có artigo 11 da Lei 1/1993, de 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro, o cal establece como obriga municipal a recollida dos animais abandonados nos seguintes termos: «Os Concellos recollerán os animais abandonados e os reterán ata que sexan reclamados, acollidos ou sacrificados». Asemade, o artigo 16 do mesmo texto legal preceptúa que compete aos Alcaldes a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais no ámbito de cada municipio.

Na opinión do técnico que subscribe, e como xa se ten informado en ocasións anteriores, o encaixe das competencias outorgadas pola normativa sectorial, tanto estatal como autonómica (normativa previa á modificación da LRBRL operada pola LRSAL) no modelo de delimitación competencial deseñado pola LRSAL debería facerse partindo do establecido nos artigos 2.1 e 25.2 da LRBRL. Polo que se refire o principio xeral establecido no artigo 2.1, este establece, na súa actual redacción, que « Para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás entidades locais, a lexislación do Estado e a das comunidades autónomas, reguladora dos distintos sectores de acción pública, segundo a distribución constitucional de competencias, deberá asegurar aos municipios, ás provincias e ás illas o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente o círculo dos seus intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da entidade local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.» E dicir, as concretas competencias locais, o seu ámbito e extensión, dependen, sobre todo, da normativa sectorial, a cal será estatal ou autonómica dependendo de quen teña constitucionalmente a competencia para outorgala. En relación co anteriormente exposto, é como interpretou a doutrina do TC na STC 214/1989, o listado establecido no artigo 25.2 da LRBRL (na actual redacción) é un conxunto de “materias” (non competencias) nas que a lexislación sectorial necesariamente ten que atribuír competencias ás entidades locais, atribución de competencias que debe dotar de contido e efectividade á autonomía local (artigo 140 CE). De acordo co que vai dito, o listado de materias que recolle o artigo 25.2 da LRBRL non constituiría un “numerus clausus” de competencias propias de modo que, as entidades locais, poderían ter competencias propias noutras materias distintas das contidas no artigo de referencia, sempre que a súa atribución proceda da lexislación sectorial da

administración competente por razón da materia de que se trate. O feito de que o novo listado de materias establecido no actual artigo 25.2 teña eliminado algunha das contidas na anterior redacción e engadido outras non supón que queden sen efecto as atribucións competenciais efectuadas por normas con rango de lei polo Estado ou as CC.AA nas materias que xa non se recollen no artigo 25.2 (ou que no seu momento non se recollían e agora tampouco), senón que se eliminou o seu carácter básico no que se refire a garantía da autonomía municipal respecto desa materia, estando a lexislación sectorial que atribuíu as competencias de que se trate (no caso que nos ocupa, a establecida nos artigos 11 e 16 da Lei 1/1993, de 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro) plenamente vixente, con independencia de que agora o lexislador estatal ou autonómico podería derrogar as competencias outorgadas no seu momento (competencias incluídas nas materias do artigo 25.2 ou das materias non incluídas na nova redacción) sen afectar a autonomía municipal na materia de que se trate por canto, a día de hoxe, e segundo o lexislador básico estatal (artigo 149.1.18 CE) non forman parte do núcleo básico da autonomía local. Neste mesmo senso se pronuncia a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local (DOGA 30/05/2014), a cal establece na súa disposición adicional primeira que *«As competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*.

IV.3. De conformidade có que vai dito, o Servizo de recollida de animais abandonados no termo municipal esixe a necesidade do centro de recollida ou refuxio de animais que posúe o Concello en A Madroa. Segundo informou o xefe do servizo de Medio Ambiente con data 09.01.2017, o Departamento de Medio Ambiente non dispón de persoal suficiente para atender a prestación do servizo polo que se fai preciso unha actuación compartida entre o Concello de Vigo e unha asociación de protección e defensa de animais que posibilita o artigo 12 da citada lei galega 1/1993, de 13 de abril.

IV.4. A formalización desta clase específica de convenios conta co respaldo legal explícito que lle presta o artigo 12.1 da L.1/1993, onde se faculta ás administracións locais para concertar convenios de colaboración ou cooperación coas asociacións protectoras de animais, por un período mínimo de tres anos, prorrogables.

IV.5. A Asociación Protectora de animais e Prantas de Vigo é unha asociación constituída legalmente, sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Administrativo Provincial de Asociacións de Pontevedra dependente da Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia co número 1966/000058-1(PO), e co número PO-007-AP no Rexistro Xeral de Asociacións para a protección e defensa dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro de Galicia, cuxos fins coinciden exactamente cos que establece o Título II da Lei 1/1993, para as asociacións protectoras de animais que teñen por obxecto fundamental a defensa e protección dos mesmos.

IV.6. Este convenio estaría excluído do ámbito de aplicación do Rdl 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector público (TRLCSF: Art. 4.1.d)], coa salvidade da aplicación supletoria dos seus principios para resolver as dúbidas ou lagoas que se puidesen presentar (Art. 4.2 TRLCSF) e ten, para

todos os efectos, carácter xurídico-administrativo, rexéndose polas súas propias estipulacións e, no seu defecto, polas normas do Dereito administrativo.

IV.7. En relación con esta última cuestión, e tal e como se desprende do informe emitido pola xefatura do Servizo de Medio Ambiente en data 09.01.2017, compre por de manifesto que, aínda que é nota común a convenios e contratos o ser consecuencia dunha manifestación de vontade, reguladora das situacións xurídicas implicadas, a característica distintiva radica en que os convenios responden á idea de colaboración na consecución dun fin común.

Neste senso, e en canto o obxecto, fronte o intercambio de prestacións patrimoniais, servizos, ou cousas por prezo, característico dos contratos, nos convenios, de acordo co fin de cooperación que lle é propio, se contrapón unha obriga de comportamento, actividade ou conduta, non a un prezo certo – ao non existir *causa solvendi* no negocio- senón a unha compensación. É dicir, non se pode prescindir da idea de colaboración e da ausencia de prezo como peculiaridade definidora dos convenios, pois doutro xeito non existiría pauta de distinción entre estes e os contratos administrativos especiais ou atípicos.

IV.8. Segundo informa o xefe do Servizo de Medio Ambiente en data 09.01.2017, non consta ningunha solicitude por escrito doutra asociación de protección e defensa dos animais interesada en colaborar na prestación deste servizo.

IV.9. As partes asinantes do convenio obríganse a subscrición dos seguros que, pola natureza das funcións a desenrolar no marco do convenio, sexan necesarios conforme á Lei.

IV.10. Cada unha das entidades asinantes será responsable do cumprimento da normativa reguladora do tratamento de datos de carácter persoal, e comprométese a dar cumprimento ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

IV.11. Tanto formal como materialmente axústase ó disposto no artigo 86 da LPACAP, e nos artigos 198 e 199 da LALGA e na Base nº 40 das de execución dos orzamentos municipais.

IV.12. Ademais da xustificación na parte expositiva do propio convenio da súa oportunidade e dos obxectivos perseguidos coa súa formalización, consta no expediente de referencia unha Memoria asinada polo xefe do servizo de Medio Ambiente, como esixe o artigo 199.h] da LALGA e a precitada Base nº 40.

IV.13. Constan incorporadas ao expediente as certificacións xustificativas de estar a APAPV ó corrente das súas obrigas coa TXSS, AEAT e Tesourería municipal.

IV.14. O proxecto de convenio deberá ser obxecto de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Arts. 92Bis ap. 1.b] LRBRL, 214 TRLRFL e Base nº 40).

IV.15 .A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno Local (Art. 127 LRBRL).

Polo anterior, considérase que existe un claro interese público na conclusión deste convenio e que os pactos, cláusulas e condicións que contén son conformes ó interese xeral, ó ordenamento xurídico e ós principios de boa administración.”

Por tanto, visto o contido do expediente 12121/306, en especial, o texto do convenio proposto e os informes técnicos e xurídicos antes citados, e unha vez emita o preceptivo informe a Intervención xeral municipal, propónse á Xunta de Goberno Local ao abeiro das atribucións que lle confire o artigo 127 da 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS E PRANTAS DE VIGO PARA A RECOLLIDA DE ANIMAIS SOLTOS E A ATENCIÓN DO CENTRO DE RECOLLIDA OU REFUXIO DE ANIMAIS, co texto que se recolle neste acordo.

SEGUNDO: Autorizar o gasto por importe 80.000 euros para o ano 2017 ao sinalar como inicio do convenio o 1 de marzo de 2017, en previsión do establecido na cláusula segunda e décima do texto do convenio; 96.000 euros para o ano 2018; 96.000 euros para o ano 2019; 16.000 euros para o ano 2020; pagadeiros a razón de 8.000 euros mensuais, subordinado á existencia do crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos ao abeiro do establecido no artigo 174 do Rdl 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo, en legal forma, a Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo.

TEXTO DO CONVENIO QUE SE APROBA

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS E PRANTAS DE VIGO PARA A RECOLLIDA DE ANIMAIS SOLTOS E A ATENCIÓN DO CENTRO DE RECOLLIDA OU REFUXIO DE ANIMAIS (Exp. nº 12121/306).

En Vigo,de.....de.....

R E U N I D O S

Dunha parte, _____, na representación legal que ostenta do Excmo. Concello de Vigo, de conformidade _____, asistido/a pola titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, D^a.

E doutra, D. Vicente Viso Vega, provisto do DNI 36033489X, con enderezo para efectos de notificacións nas instalacións municipais do Refuxio de animais de A Madroa (Candean), actuando, en calidade de presidente, en representación da Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo, inscrita no Rexistro Administrativo de Asociación co número 1966/000058-1 (PO), CIF nº G-36.638.955, en virtude das atribucións conferidas no artigo 30.2. dos seus Estatutos.

M A N I F E S T A N

–A Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro de Galicia, establece a obriga dos Concellos de recoller os animais abandonados ata que sexan reclamados, acollidos ou sacrificados, facultando ás administracións locais para que poidan

concertar convenios de colaboración ou cooperación coas asociacións protectoras de animais, por un período mínimo de tres (3) anos, prorrogables.

–Consonte cos artigos 16 da precitada Lei 1/1993 e 26 da Ordenanza municipal para a protección e tenencia de animais do Concello de Vigo (BOP 22/06/2000), atínxelle á Alcaldía a responsabilidade superior na protección dos animais domésticos e salvaxes en catividade no ámbito do seu termo municipal.

–O Título II da Lei, referido ás asociacións protectoras de animais, defínese como aquelas constituídas legalmente, sen fin de lucro, que teñan por obxecto fundamental a defensa e protección dos animais no medio en que viven, sendo consideradas de utilidade pública e benéfico-docentes.

–A Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo está inscrita no Rexistro Administrativo Provincial de Asociacións de Pontevedra dependente da Xefatura Territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia co número 1966/000058-1(PO), e co número PO-007_AP no Rexistro Xeral de Asociacións para a protección e defensa dos animais domésticos e salvaxes en cautividade de Galicia, e os seus fins coinciden cos que establece a Lei 1/1993.

Ámbalas dúas partes recoñécense competencia e capacidade legal suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes,

CLAUSULAS

PRIMEIRA: Este convenio ten por obxecto a prestación dos servizos necesarios por parte da Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo, para a recollida, albergue, custodia, coidado e alimentación de animais abandonados, vagabundos, confiscados ou retirados pola autoridade competente que se alberguen nas instalacións municipais do monte de A Madroa, coidando as instalacións e especialmente os aspectos hixiénico-sanitarios destas, sempre baixo a supervisión dos técnicos municipais e da concellería-delegada competente.

SEGUNDA: O prazo de vixencia deste convenio será de tres (3) anos, sendo prorrogable polo período máximo de un (1) ano, por acordo expreso do órgano municipal competente para a súa aprobación, trala conformidade da APAPV, e ditado cunha antelación mínima de, alomenos, tres meses á data de expiración do convenio. O convenio entrará en vigor o día un de marzo do ano dous mil dezasete.

TERCEIRA: A Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo obrígase polo presente convenio ao seguinte:

a) Ao albergue, custodia, coidado e alimentación da totalidade dos cans, gatos e demais animais que se alberguen nas instalacións do centro de recollida, especialmente dos feridos ou maltratados, tanto os entregados por particulares como polos servizos municipais.

b) Á recollida dos animais abandonados que se atopen vagando polo termo municipal de Vigo así como os que sexan obxecto do Plan Sanitario de Esterilización Felina farase nas condicións que a seguir se indican:

1. Durante a xornada laboral do laceiro municipal, de 08:30 a 13:30 horas, a Asociación Protectora prestará un servizo de apoio en casos de urxencia. Este será determinado polo

responsable do servizo de Medio Ambiente. O resto da xornada, os traballos de lacería serán desempeñados pola Asociación Protectora de Animais.

2. Os sábados, domingos e festivos, ou durante o período de vacacións ou ausencia xustificada do laceiro municipal (previo aviso do departamento de Medio Ambiente), a Asociación Protectora asumirá en horario de mañá o servizo na súa totalidade.

3. Durante a noite a Asociación Protectora deberá atender os casos urxentes que lle sexan remitidos pola Policía Local.

4. Nos casos de agresividade ou especial perigosidade dos animais abandonados, a Asociación Protectora contará coa colaboración dos servizos municipais adecuados.

c) Á atención ao público no refuxio que será todos os días laborables e sábados en horario de 9:00 a 13:30 horas, debendo, en todo caso, ter operativo un teléfono de urxencias as 24 horas do día. No caso de que as necesidades do servizo así o demanden, a APAPV comprométese a atender ao público un día á semana en horario de tarde.

d) A dispensar ao público un trato cortés e cooperador no exercicio das súas funcións.

e) A fomentar as adopcións dos animais do refuxio respectando a normativa aplicable.

f) Á recollida dos animais mediante un vehículo da asociación adecuado e con toda a dotación material suficiente para desenvolver os traballos especificados no punto b) anterior. Este vehículo permanecerá en perfectas condicións mecánicas, de salubridade e de dotación, e estará ao corrente en toda a documentación, cumprindo coas obrigas administrativas que leva aparelado en materia de inspección técnica, pólizas de seguros, impostos, etc.

g) Á eutanasia dos animais enfermos crónicos ou incurables, así como dos que padezan enfermidades transmisibles ao ser humano ou aos outros animais e naqueles outros casos establecidos na normativa vixente. A eutanasia deberá realizarse polos procedementos autorizados na lexislación vixente e baixo control veterinario.

h) Á xestión e custo dos residuos producidos nas instalacións, debendo respectar a normativa vixente nesta materia.

i) Ao coidado, atención e vixilancia dos animais illados ou en observación no recinto, cando as circunstancias así o requiran ou o determinen os facultativos do servizo que os controlasen sanitariamente.

j) Ao cumprimento da normativa establecida ou que se estableza sobre a protección dos animais, en especial, as medidas hixiénico-sanitarias relativas aos cans e demais animais, así como as disposicións contidas na vixente Ordenanza municipal para a protección e tenencia de animais do Concello de Vigo (BOP, 22/06/2000), referidas especialmente á recollida e tratamento dos animais abandonados e vagabundos.

k) Á recollida e retención no centro efectuarase sempre en condicións totalmente compatibles cos imperativos biolóxicos da súa especie.

l) A Poñer a disposición da Administración Municipal a documentación relativa aos cans e outros animais, relacionada directa ou indirectamente co obxecto do convenio.

m) A Levar a documentación, libro rexistro, necesarios relativos á entrada e admisión dos animais, saída, vacinacións, eutanasias, identificación, adopcións, etc., especialmente cando o determinen os servizos técnicos municipais en razón da seguridade, hixiene e control da poboación animal. Para o caso de que o Concello de Vigo poña en funcionamento unha aplicación informática para esta finalidade a Asociación Protectora será a encargada de xestionar o proceso de altas, baixas e demais datos que deberán actualizarse diariamente.

n) Ao especial cumprimento das instrucións e ordes que dite o persoal facultativo de saúde, dos servizos veterinarios en relación cos animais que causasen lesión ou resultasen sospeitosos de padecer enfermidades contaxiosas.

o) Ao implante electrónico (microchip) realizado polo seu veterinario, en cumprimento do disposto no artigo 12 da Ordenanza municipal para a protección e tenencia de animais, nos cans e gatos que a Asociación Protectora destine a cesión ou doazón. No caso dos animais que a Asociación Protectora devolva aos seus lexítimos propietarios e que non estean identificados por este ou outro método, solicitará o seu permiso para implantarlles o microchip; de se negar, daráselle un prazo ao interesado de tres días para que proceda á devandita identificación por medio dun facultativo da súa elección. Pola implantación deste microchip poderá percibir a cantidade que corresponda ao prezo de mercado. Os datos destes animais identificados pasarán a formar parte do arquivo municipal.

p) A Asociación Protectora entregará aos seus donos os animais aos que teñan dereito a reclamar nun prazo de 20 días seguintes á súa captura de conformidade e nos termos previstos na lexislación vixente. Transcorrido ese prazo, poderá darlle o destino que se considere oportuno, de acordo coa Concellería de Medio Ambiente.

Cando o animal estea identificado mediante microchip, darase aviso fehaciente o seu propietario e este terá un prazo máximo de dez días para recuperalo nos termos previstos legalmente. En todo caso, o prazo total para darlle ó animal o destino que se considere mais axeitado non será inferior a vinte días a contar desde a ocupación do animal. Se non estivese identificado co microchip, abrírase en todo caso unha ficha con informe veterinario do seu estado e procederase á súa vacinación e desparasitación.

q) Será de conta da Asociación Protectora dispor do persoal necesario e adecuado para o cumprimento das obrigas establecidas no presente convenio, incumbíndolle tamén o cargo das obrigas sociais, laborais, económicas e fiscais que correspondan, sen que o eventual incumprimento destas implique responsabilidade ningunha para o Concello.

r) Ao cumprimento da normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais.

s) A concertar as pólizas de responsabilidade civil necesarias para cubrir calquera incidente que se poida producir derivado da prestación do servizo.

t) A Asociación Protectora non poderá percibir dos particulares taxas nin contraprestación ningunha polos servizos que se establecen neste convenio, agás pola implantación do microchip, apdo. o).

u) Disporá dos servizos profesionais dun veterinario, que asumirá a dirección técnica das instalacións e será responsable, como mínimo, das seguintes funcións e tarefas:

- Control e seguimento do estado sanitario dos animais.
- Control das altas e baixas que se produzan.

- Programa de esterilizacións, que será establecido ou modificado de acordo cos servizos técnicos da Concellería de Medio Ambiente.
- Programa de limpeza e desinfección das instalacións.
- Programa de vacinacións e desparasitacións.
- Emitir os informes que lle solicite o Concello en relación coas súas funcións e, en especial, respecto dos animais que se atopen na caneira.

v) Encargarase de velar polo correcto funcionamento das instalacións e comunicará coa maior dilixencia posible aos servizos municipais calquera circunstancia que poida producirse, correspondente ao Concello a súa reparación, agás cando concorran as circunstancias indicadas no apartado b) da Cláusula cuarta deste Convenio.

w) A Asociación Protectora de Animais facilitará, en colaboración co Concello, a adopción dos animais acollidos nas instalacións de A Madroa. Para estes efectos, o Concello poderá por en funcionamento unha aplicación informática que permita realizar todos os trámites da adopción vía internet, encargándose a Asociación Protectora de xestionar o proceso de altas e baixas. En calquera caso, a Concellería de Medio Ambiente terá acceso permanente a esa información e resérvase a decisión última sobre as solicitudes de adopción que se formulen.

CUARTA: En virtude deste convenio, a Asociación Protectora de Animais e Prantas de Vigo terá dereito a:

a) Á utilización da superficie, edificación e instalacións da propiedade municipal emprazada no monte de A Madroa para o cumprimento dos fins previstos no presente convenio.

b) A que a Administración Municipal realice pola súa conta as reparacións, reposicións ou modificacións nas instalacións que se consideren necesarias para o mantemento destas e a súa correcta funcionalidade, exceptuando aqueles casos que deriven de danos por negligencia ou actuación dolosa do persoal da Asociación Protectora.

c) Recibir a protección municipal precisa para o mellor cumprimento da normativa aplicable aos animais.

d) O Concello achegará á Asociación Protectora de Animais e Prantas unha cantidade anual de 96.000 euros (NOVENTA E SEIS MIL EUROS), a percibir en doce mensualidades, a razón de 8.000 euros mensuais, a partir da entrada en vigor do convenio. Dos 8000 euros mensuais a percibir pola Asociación Protectora, 1.600 euros deberán ser destinados, de conformidade co Concello de Vigo, aos custos derivados da execución do programa en materia sanitaria para o control das colonias felinas da cidade de Vigo, e que deixará de percibir, minorándose a aportación municipal nesa cantidade de 1.600 euros, no momento en que o devandito programa deixe de executarse por acordo expreso do órgano municipal competente.

Forma de pagamento: A APAPV solicitará mensualmente o pagamento e o centro xestor, Servizo de Medio Ambiente, emitirá certificación que acredite ou xustifique o cumprimento íntegro do convenio para os efectos de recoñecemento da obriga e o seu pagamento, nos termos da base 40ª.5. das de execución do orzamento.

e) A dispor da subministración gratuíta de auga, electricidade e telefonía fixa. O subministro de auga, a día de hoxe, non xera gasto xa que se realiza a través de pozos existentes nas instalacións. Os gastos de electricidade e telefonía fixa serán asumidos polo Concello, trala presentación das facturas correspondentes, sendo os órganos xestores encargados da súa verificación e

conformidade os servizos Enerxéticos e de Administración Electrónica, respectivamente, con cargo ás partidas 9200.221.00.00 (subministro enerxía eléctrica dependencias municipais), 9220.222.00.00 (gastos telefónicos das dependencias municipais). Estímase un gasto anual en subministro de enerxía eléctrica de 6.250 euros (IVE engadido) e en telefonía fixa de 800 euros (IVE engadido).

f) Será da propiedade do Concello de Vigo todo animal que teña entrada nas instalacións que sexan propiedade municipal, respectando en todo caso o sinalado na cláusula terceira, apdo. p), do presente convenio.

g) Resévaselle á Asociación Protectora de Animais a cesión ou doazón daqueles animais que pola súa idade, destreza, entramento ou beleza sexan de interese, coa única salvidade de respectar o prazo previsto para a súa reclamación polos donos que o acrediten, así como que non estean suxeitos a retención ou observación por disposición administrativa ou xudicial.

h) A Asociación Protectora de Animais non poderá establecer convenios nin concertos puntuais con propietarios ou posuidores de animais para a exclusiva custodia ou garda mediante prezo. Tampouco poderá concertar a custodia ou mantemento de animais con outras entidades, públicas ou privadas.

QUINTA: Os gastos imputables a cada exercicio, segundo se especifica na cláusula cuarta, apdo. d), deste convenio, faranse con cargo á partida orzamentaria 1721.227.99.04 ("Convenio Sociedade Protectora de animais") dos vixentes presupostos.

SEXTA: A Asociación Protectora de Animais estará obrigada a satisfacerlle á Administración Municipal a indemnización correspondente aos danos e prexuízos que ocasionasen por culpa, negligencia ou actuación dolosa nos bens e instalacións municipais no centro ou aos animais nel aloxados.

SÉTIMA: Para a correcta aplicación do aquí pactado, así como para resolver as dúbidas e controversias que puidesen suscitarse, constitúese unha Comisión Mixta de Seguimento, que estará integrada por dous representantes do Concello de Vigo, do Departamento municipal de Medio Ambiente que actuarán como Presidente/a e secretario con voz e voto, e outros dous representantes da Asociación Protectora.

As posibles discrepancias, de existir, procuraranse resolver amigablemente no seo desta Comisión e, en última instancia, pola Concellería delegada de Medio Ambiente; resolución que poñerá fin á vía administrativa e que poderá ser obxecto dos recursos administrativos e xurisdicionais que en Dereito procedan.

A Comisión reunirse cantas veces o solicite, xustificadamente, calquera das partes para avaliar en detalle a execución do convenio.

OITAVA: Este convenio de colaboración está excluído do ámbito de aplicación da Lei de contratos do sector público ao abeiro do establecido nos artigos 4.1.d), 4.2. do Rdl 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector público e ten, para todos os efectos, carácter xurídico-administrativo, rexéndose polas súas propias estipulacións e, no seu defecto, polas normas do Dereito administrativo. As cuestións relativas á súa formalización, cumprimento, interpretación, efectos e extinción serán dilucidadas, en última instancia, polos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

NOVENA: Constituirán causas de resolución do convenio as seguintes:

- a) O incumprimento grave das obrigas adquiridas pola Asociación Protectora de Animais e Prantas e, en especial, as establecidas en cuestións hixiénico-sanitarias ditadas pola Administración.
- b) A falla ou insuficiencia notoria de medios, persoal ou materiais para o coidado, atención ou manutención dos animais, en especial, que poidan chegar a entrañar risco sanitario.
- c) Impedir ou dificultar as tarefas de inspección e control dos servizos municipais.
- d) O incumprimento grave das obrigas asumidas polo Concello en virtude do convenio.

DÉCIMA: O convenio entrará en vigor o día un de marzo do ano dous mil dezasete.

En proba de conformidade, os comparecentes asinan por triplicado o presente convenio de colaboración no lugar e data expresados no encabezamento.

Vigo, na data da sinatura electrónica “

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(85).-MEMORIA XUSTIFICATIVA DE GASTOS DE FONDO DE ACCIÓN SOCIAL CORRESPONDENTE AO ANO 2016. EXPTE. 29020/220.

Dáse conta do informe-proposta do 25/01/17, da xefa da área de RR HH e Formación, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal:

Pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, remítese a esta Área de Recursos Humanos e Formación Memoria de Gastos xustificativa e acreditativa correspondente ao ano 2016.

En consecuencia, e en cumprimento do establecido no artigo 5 do Regulamento rector do Fondo Social do Concello de Vigo, por este Servizo de Recursos Humanos recíbese a documentación enviada, e procédese a dar conta á Xunta de Goberno Local, a efectos de toma de coñecemento por parte de dito órgano municipal, competente ex artigo 127,1, apartado g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para a xestión económica do persoal municipal, elevando a seguinte proposta de acordo:

Único.- Tomar razón da Memoria de Gastos xustificativa do Fondo de Acción Social correspondente ao ano 2016, que se transcribe:

“A Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, encargada de distribuír as axudas con cargo a partida orzamentaria prevista nos Orzamentos Municipais, correspondente ó ano 2016, nos termos e contías establecidas no artigo 30 do Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, modificación aprobada no Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 28 de xaneiro de 2013.

A súa distribución realizouse seguindo o establecido no Regulamento do Fas, aprobado en Xunta de Goberno Local do 20-12-2012 e publicado no BOP do 31-

03-2013 e ás bases rectoras do Fondo de Acción Social, aprobadas na Xunta de Goberno Local do 16-04-2013, e tuvo como finalidade o desenvolvemento de programas de carácter socio-sanitario para o conxunto dos empregados públicos/as municipais, destinados a promover as melloras das súas condicións sociais referidas a gastos non incluídos nin cubertos pola Seguridade Social, así como, programas para formación , axudas para estudos dos/as empregados públicos/as municipais e descendentes no primeiro grao de consanguineidade destinados á obtención de títulos oficiais en centros públicos ou privados debidamente homologados, todos estes programas se elaboraron mediante propostas de convocatorias da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

Con data 05-01-2016 se remite ao servizo de Recursos Humanos oficio comunicando que en xuntanza de data 18-12-2015, a comisión xestora acordou convocatoria de estudos 2015-2016 , dita convocatoria se aproba en Xunta de Goberno Local do 29-01-2016 con un prazo de entrega de solicitudes de 30 días naturais, se recolleron un total de 539 solicitudes.

Así mesmo esta comisión con data 27-06-2016 remite ao servizo de Recursos Humanos oficio comunicando que en xuntanza de data 09-06-2016, a comisión xestora acordou convocatoria de axuda socio-sanitarias 2016, esta convocatoria se aproba en Xunta de Goberno Local extraordinaria do 29-07-2016 con prazo de entrega de solicitudes ata o 31 de Agosto de 2016, en dito prazo se recolleron un total de 720 solicitudes.

De acordo coas bases estivo aberto durante todo o ano o prazo para solicitar axudas especiais, que foron concedidas por acordo da comisión xestora do Fas, asesorada polos técnicos designados a esta comisión polo concelleiro delegado de Recursos Humanos.

Esta partida estaba dotada inicialmente de 331.506,05 €, e unha posterior modificación de crédito de 100.000 € que fan un total de 431.506,05 € .

Unha vez feitas as contas do mencionado ano, dan un balance por conceptos, do seguinte xeito:

| CONCEPTO | CANTIDADE |
|-------------------------|--------------|
| PARTIDA TOTAL | 431.506,06 € |
| AXUDAS SOCIO-SANITARIAS | 285.639 € |
| AXUDAS ESTUDIOS | 123.105 € |
| AXUDAS ESPECIAIS | 22.432 € |
| TOTAL GASTADO | 431.176 € |

Tódolos os gastos foron realizados en cumprimento do establecido no acordo regulador dos traballadores/as deste Concello e Regulamento do Fas.”

A Xunta de Goberno Local queda informada.

6(86).-DIETAS DAS ASISTENCIAS DOS MEMBROS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN ENCARGADO DE EVALUAR AS PROBAS DE SELECCIÓN DA BOLSA DE EMPREGO DE TÉCNICOS/AS DE XESTIÓN 2016. EXPTE: 29333/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 31/01/17, dáse conta do informe-proposta do 23/01/17, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 13/05/2016, aprobou as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no art. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Técnicos/as de Xestión. Ditas bases reitoras foron obxecto de fiscalización previa tal e como se desprende do expediente 27846/220 e cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Na base VII da convocatoria establecíase que os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

Rematado o proceso selectivo, o Secretario do Órgano de Selección remitiu a esta Área de Recursos Humanos e Formación certificación contendo a relación de membros do referido órgano de selección xunto ao persoal técnico-administrativo que colaborou na realización das probas selectivas.

A referida certificación importa un total de 923,91 €, debéndose aplicar con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, segundo relación seguinte:

D. Albino Rodríguez Ferreira, presidente titular (nº persoal 77274), con DNI nº 36.025.379-L, catro asistencias de 45,89 € cada unha, importa un total de 183,56 €.

D. Francisco Javier González Yebra-Pimentel, secretario titular (nº persoal 22415), con DNI nº 36.030.695-E, catro asistencias de 45,89 € cada unha, importa un total de 183,56 €.

D^a. Ana Martín Herrero, con DNI nº 36.089.480-L, vogal do órgano de selección, con domicilio en Carrasquedo de abaixo 17A, Vilaza, Gondomar. C.P. 36380, catro asistencias de 42,83 €, importa un total de 171,32 €, a aboar no número IBAN ES6000490031732111851593.

D. Lucio C. Varela Borreguero, vogal titular (nº persoal 17495), con DNI nº 36.023.156-G, dúas asistencias de 42,83 €, importa un total de 85,66 €

D^a. M^a Dolores Vieites Alén, vogal suplente (nº persoal 77222), con DNI nº 36.101.442-K, dúas asistencias de 42,83 €, importa un total de 85,66 €

D. Pablo Olmos Pita, vogal titular (nº persoal 80548), con DNI nº 33348774-Q, catro

asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 171,32 €.

D. Ezequiel Fernández Carpintero, asistencia técnico-administrativa (nº persoal 16283), con DNI nº 36.040.789-L, unha asistencia de 42,83 €.

Á vista de todo o exposto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a certificación do Secretario do Órgano de Selección encargado de vulgar as probas selectivas para a formación dunha Bolsa de Emprego que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como Técnicos/as de Xestión, publicada no BOP de Pontevedra nº 35, de 15 de xullo de 2016, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal coa mesma data, e as competencias recollidas no artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“Compromete-lo gasto de 923,91 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, recoñecer a obriga e declara-lo abono das cantidades que se indican a continuación aos perceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto que se expresa:

D. Albino Rodríguez Ferreira, presidente titular (nº persoal 77274), con DNI nº 36.025.379-L, catro asistencias de 45,89 € cada unha, importa un total de 183,56 €.

D. Francisco Javier González Yebra-Pimentel, secretario titular (nº persoal 22415), con DNI nº 36.030.695-E, catro asistencias de 45,89 € cada unha, importa un total de 183,56 €.

D^a. Ana Martín Herrero, con DNI nº 36.089.480-L, vogal do órgano de selección, con domicilio en Carrasquedo de abaixo 17A, Vilaza, Gondomar. C.P. 36380, catro asistencias de 42,83 €, importa un total de 171,32 €, a abonar no número IBAN ES6000490031732111851593.

D. Lucio C. Varela Borreguero, vogal titular (nº persoal 17495), con DNI nº 36.023.156-G, dúas asistencias de 42,83 €, importa un total de 85,66 €

D^a. M^a Dolores Vieites Alén, vogal suplente (nº persoal 77222), con DNI nº 36.101.442-K, dúas asistencias de 42,83 €, importa un total de 85,66 €

D. Pablo Olmos Pita, vogal titular (nº persoal 80548), con DNI nº 33348774-Q, catro asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 171,32 €.

D. Ezequiel Fernández Carpintero, asistencia técnico-administrativa (nº persoal 16283), con DNI nº 36.040.789-L, unha asistencia de 42,83 €.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(87).-DIETAS DAS ASISTENCIAS DOS MEMBROS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN ENCARGADO DE EVALUAR AS PROBAS DE SELECCIÓN DA

**BOLSA DE EMPREGO DE PROGRAMADORES/AS INFORMÁTICOS/AS 2016.
EXPTE: 29334/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 31/01/17, dáse conta do informe-proposta do 23/01/17, da técnica de Formación e Avaliación de RR HH, conformado pola xefa da área de RR HH e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 13/05/2016, aprobou as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no art. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Programadores/as Informáticos/as. Ditas bases reitoras foron obxecto de fiscalización previa tal e como se desprende do expediente 27846/220 e cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Na base VII da convocatoria establecíase que os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

Rematado o proceso selectivo, a Secretaria do Órgano de Selección remitiu a esta Área de Recursos Humanos e Formación certificación contendo a relación de membros do referido órgano de selección xunto ao persoal técnico-administrativo que colaborou na realización das probas selectivas.

A referida certificación importa un total de 899,60 €, debéndose aplicar con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, segundo relación seguinte:

D. Javier Albertos Benayas, presidente titular (nº persoal 80472), con DNI nº 36.119.103-H, catro asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 171,32 €.

D^a. Mónica Domínguez Estévez, secretaria titular, con DNI nº 34.627.814-A e domicilio na Rúa Falperra nº 32, 1º C, 36202 de Vigo, catro asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 171,32 €, a abonar no nº IBAN ES4420805100163000121887.

D. Miguel Amor Río, vogal 1 (nº persoal 80892), con DNI nº 36.129.429-V, catro asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 159,16 €.

D. Luis Iglesias Rejas, vogal 2 (nº persoal 22390, con DNI nº 36.091.674-M, catro asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 159,16 €.

D. Gumersindo Vázquez Pedrido, vogal 3 (nº persoal 15680), con DNI nº 36.051.268-X, catro asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 159,16 €.

D^a Beatriz Lago Dios, asistencia técnico-administrativa (nº persoal 81854), con DNI 36.116.679-D, unha asistencia de 39,78 €.

D^a. Marta Patricia Souto González, asesoramento especial (nº persoal 23840), con DNI nº 36.054.893-R, unha asistencia de 39,78 €.

Á vista de todo o exposto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a certificación do Secretario do Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas para a formación dunha Bolsa de Emprego que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como Programadores/as Informáticos/as, publicada no BOP de Pontevedra nº 35, de 15 de xullo de 2016, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal coa mesma data, e as competencias recollidas no artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“Compromete-lo gasto de 899,60 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, recoñecer a obriga e declara-lo abono das cantidades que se indican a continuación aos perceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto que se expresa:

D. Javier Albertos Benayas, presidente titular (nº persoal 80472), con DNI nº 36.119.103-H, catro asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 171,32 €.

D^a. Mónica Domínguez Estévez, secretaria titular, con DNI nº 34.627.814-A e domicilio na Rúa Falperra nº 32, 1º C, 36202 de Vigo, catro asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 171,32 €, a abonar no nº IBAN ES4420805100163000121887.

D. Miguel Amor Río, vogal 1 (nº persoal 80892), con DNI nº 36.129.429-V, catro asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 159,16 €.

D. Luis Iglesias Rejas, vogal 2 (nº persoal 22390, con DNI nº 36.091.674-M, catro asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 159,16 €.

D. Gumersindo Vázquez Pedrido, vogal 3 (nº persoal 15680), con DNI nº 36.051.268-X, catro asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 159,16 €.

D^a Beatriz Lago Dios, asistencia técnico-administrativa (nº persoal 81854), con DNI 36.116.679-D, unha asistencia de 39,78 €.

D^a. Marta Patricia Souto González, asesoramento especial (nº persoal 23840), con DNI nº 36.054.893-R, unha asistencia de 39,78 €.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(88).-PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE ASISTENCIA A REUNIÓN DO PROXECTO AUTOPILOT EN VERSALLES, DO FUNCIONARIO CO Nº PERSOAL 82191. EXPTE. 99962/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24/01/17, dáse conta do informe-proposta do 18/01/17, do xefe da área de Seguridade e Mobilidade, conformado polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“O Concello de Vigo forma parte de varios proxectos cooperativos que se celebran entre varias cidades europeas para o desenvolvemento de novas tecnoloxías no ámbito da mobilidade e seguridade, entre estos atópase o proxecto AUTOPILOT.

Este proxecto no mes de febreiro ten como centro de reunión de coordinación dos traballos a cidade de Versalles (Francia), que se celebrará dende o día 6 ao 8 de febreiro, polo que se fai necesario a presenza de representantes deste Concello.

En data 17 de xaneiro de 2017 o Enxeñeiro Técnico Municipal, D. Manuel Monroy Castro, solicita autorización para poder asistir a ditas reunións.

Conforme ao art. 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local, a autorización das comisións de servizo con dereito a indemnización son competencia da Xunta de Goberno Local, non habendo sido delegadas ás superiores a dous días.

Nas aplicacións orzamentarias 13302302000, Dietas do persoal, e 13302312000, Gastos Locomoción persoal non directivo, existe crédito adecuado e suficiente para sufragar os gastos.

Toda vez que se trata dunha comisión de servizo con dereito a indemnización e por tempo superior a dous días, fórmulase á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte proposta de,

ACORDO

- 1. Autorizar o desprazamento á cidade de Versalles (Francia), do funcionario D. Manuel Monroy Castro, Enxeñeiro Técnico de Seguridade e Mobilidade, con nº de persoal 82191, para asistir dende o día 6 ao 8 de febreiro (con saída o 5 de febreiro), ás reunións de traballo do proxecto AUTOPILOT.*
- 2. Autorizar o gasto mediante libramento a xustificar a prol de D. Manuel Monroy Castro, con DNI 36.082.635 M, polos seguintes importes:*

Partida 1330230200, Dietas do persoal, por importe de 564,36 EUROS

Partida 13302312000, Gastos locomoción persoal non directivo, 400 EUROS

- 3. O ingreso do libramento a xustificar farase na conta habilitada IBAN: ES69 2080.5000 6831 1028 8535, da Area de Seguridade e Mobilidade, na que figura como titular habilitado D. Antonio Vivero Mijares (DNI 36088250P).”*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(89).-PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE ASISTENCIA A REUNIÓN DO PROXECTO AUTOPILOT EN VERSALLES, DO FUNCIONARIO CO Nº PERSOAL 21054.EXPTE. 99968/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24/01/17, dáse conta do informe-proposta do 18/01/17, do xefe da área de Seguridade e Mobilidade, conformado polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“O Concello de Vigo forma parte de varios proxectos cooperativos que se celebran entre varias cidades europeas para o desenvolvemento de novas tecnoloxías no ámbito da mobilidade e seguridade, entre estos atópase o proxecto AUTOPILOT.

Este proxecto no mes de febreiro ten como centro de reunión de coordinación dos traballos a cidade de Versalles (Francia), que se celebrará dende o día 6 ao 8 de febreiro, polo que se fai necesario a presenza de representantes deste Concello.

Por parte do Concello asistirán D. Antonio Vivero Mijares, Xefe de Area de Seguridade e Mobilidade e D. Manuel Monroy Castro, Enxeñeiro Técnico,.

Conforme ao art. 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local, a autorización das comisións de servizo con dereito a indemnización son competencia da Xunta de Goberno Local, non habendo sido delegadas ás superiores a dous días.

Nas aplicacións orzamentarias 13302302000, Dietas do persoal, e 13302312000, Gastos Locomoción persoal non directivo, existe crédito adecuado e suficiente para sufragar os gastos.

Toda vez que se trata dunha comisión de servizo con dereito a indemnización e por tempo superior a dous días, fórmulase á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte proposta de,

PROPOSTA

- 1. Autorizar o desprazamento á cidade de Versalles (Francia), do funcionario D. Antonio Vivero Mijares, Xefe de Area de Seguridade e Mobilidade, con nº de persoal 21054, para asistir dende o día 6 ao 8 de febreiro (con saída o 5 de febreiro), ás reunións de traballo do proxecto AUTOPILOT.*
- 2. Autorizar o gasto mediante libramento a xustificar a prol de D. Antonio Vivero Mijares Manuel, DNI 36088250 P, polos seguintes importes:*

Partida 1330230200, Dietas do persoal, por importe de 564,36 EUROS

Partida 13302312000, Gastos locomoción persoal non directivo, 400 EUROS

- 3. O ingreso do libramento a xustificar farase na conta habilitada IBAN: ES69 2080.5000 6831 1028 8535, da Area de Seguridade e Mobilidade, na que figura como titular habilitado D. Antonio Vivero Mijares (DNI 36088250P).*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(40).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO E CUSTOS ASOCIADOS AO MESMO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE TEIS. FASE III. SANEAMENTO AVDA. DE GALICIA (ENTRE A RÚA DOUTOR CORBAL E A AVDA. DA MARIÑA ESPAÑOLA)”. EXPTE. 3237/443.

Dáse conta do informe-proposta do 01/02/17, do xefe do servizo administrativo e Control Orzamentario, conformado polo xefe do servizo xurídico-Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de área:

“Antecedentes

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de novembro de 2011, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período de cinco anos, a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato; acordo, cuxo apartado terceiro, no epígrafe «Outros investimentos», contempla a obriga da concesionaria de levar a cabo, na contía e prazos que no mesmo se sinalan, aquelas actuacións que se consideren de urxencia e execución inaprazable pola Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos técnicos municipais.

II.- Con data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou prestar aprobación á ordenación do procedemento a seguir nas obras arriba referidas, que se incluírían no Plan de Investimentos da Concesión da Xestión Integral do Servizo Público de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo, así como os gastos repercutibles ao Concello; procedemento e gastos repercutibles que se especifican na parte expositiva do mesmo acordo e dos que se deu conta á concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE, para a súa observancia e estrito cumprimento.

En sesión de 22 de marzo seguinte a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria.

III.- Con data 11 de novembro de 2016, o técnico municipal, Don Jorge Muñoz Rama emitiu informe do que se desprende a urxencia e a necesidade inaprazable da execución da Renovación de redes de Saneamento na Avda de Galicia, entre a Rúa Doutor Corbal e a Avda da Marina Española; informe á vista do cal o concelleiro delegado da Área de Fomento, por medio de orde de servizo de 14 de novembro seguinte, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local, de 25 de novembro de 2016, no que se acordou «Encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral de Abastecemento e Saneamento de Auga Aqualia FCC a redacción do proxecto para a “RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA AVDA DE GALICIA, ENTRE A RÚA DOUTOR CORBAL E A AVDA DA MARINA ESPAÑOLA”, considerado de urxencia e execución inaprazable».

IV.- Con data 5 de decembro de 2016 Aqualia FCC-Vigo UTE presentou o proxecto de obras de referencia, redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas D. Luis Vicente Vilar Montoro, colexiado nº 11.813, para, cun presuposto de 238.682,20 euros, IVE excluído, e un prazo de execución de seis meses.

V.- Coa mesma data, a Concesionaria presentou tamén o detalle dos custos asociados á actuación (redacción do proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde) por un importe de 10.018,65 Euros, IVE excluído.

VI.- As actuacións obxecto do proxecto consisten substancialmente na substitución do colector de saneamento que discorre por esta rúa e a posterior conexión dos edificios existentes aos colectores que se propoñen. Unha vez efectuadas as redes e as conexións procederase á reaparación das beirarrúas e pavimento que resulte afectado polas obras.

VII.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal, con data de 15 de decembro de 2016, informa que no proxecto se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario e a normativa técnica de aplicación ao proxecto; que os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados para a execución do contrato de obras e ao cadro de prezos aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 22 de marzo de 2013; que os custos asociados á actuación se axustan ás porcentaxes aprobadas pola Xunta de Goberno Local no acordo de 8 de marzo de 2013 e, canto ao estudo xeotécnico —non previsto o seu custe en porcentaxe no dito acordo— que o seu custe axústase aos valores de mercado; e, por último, que o proxecto reúne todos os requisitos esixidos polo Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Consideracións Técnicas e Xurídicas

Primeira.- O procedemento para a aprobación do proxecto de obras a que se refire o presente expediente, observou os trámites fixados pola Xunta de Goberno Local, no acordo arriba referido de 8 de marzo de 2013, adoitado para a contratación das obras do Plan de Investimentos de Aqualia FCC-Vigo UTE, sinaladamente o da declaración da súa urxencia e inaprazable execución, que tivo lugar en sesión do mesmo órgano de 25 de novembro de 2016.

Segunda.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especificáanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

Terceira.- O proxecto de obras, tal e como resulta do informe do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal, de data de 15 de decembro de 2016, responde aos obxectivos propostos, comprende unha obra completa e toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario e a normativa técnica de aplicación ao proxecto tal e como resulta da táboa que figura no informe, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

Polo demais, segundo se especifica no mesmo informe, os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados ao proxecto e axústanse ao cadro de prezos aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 22 de marzo de 2013; os custos asociados á actuación observan ás porcentaxes máximas aprobadas pola Xunta de Goberno Local no acordo de 8 de marzo de 2013; e, canto ao estudo xeotécnico, —non previsto o seu custe en porcentaxe no dito acordo— o custe do mesmo axústase aos valores de mercado.

Cuarta.- A aprobación do proxecto, de conformidade co repetido acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de marzo de 2013, sobre “Ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do Plan de Investimentos de Aqualia FCC-Vigo UTE”, corresponde á Xunta de Goberno Local (apartado III.b).

Polo exposto, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o proxecto técnico para a execución das obras Renovación da rede de saneamento na Avda. De Galicia (entre a rúa Doutor Corbal e a Avda. Da Mariña Española), por un importe total de 238.682,20 euros (IVE excluído), e un prazo de execución de seis meses, con cargo aos compromisos de investimentos asumidos por Aqualia FCC-Vigo UTE na cláusula terceira do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 21 de novembro de 2011, de prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada ao seu favor.

Segundo.- Aprobar os custos asociados ao proxecto por importe de 10.018,65 euros con exclusión do IVE, segundo o seguinte detalle:

| Custo asociado | Responsable do traballo | Honorarios |
|------------------------------------|--------------------------------|--------------------|
| Redacción de proxecto | VILAR MONTORO INGENIERÍA | 4.011,47 € |
| Asistencia técnica á D.O. | VILAR MONTORO INGENIERÍA | 4.011,47 € |
| Coordinación de seguridade e saúde | PROYEGAL | 1.002,87 € |
| | SUMA | 9.025,81 € |
| | 11% Gastos de Xestión | 992,84 € |
| | TOTAL (IVE excluído) | 10.018,65 € |

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo a “Aqualia FCC-Vigo UTE”, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquer outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(41).- TOMA DE COÑECEMENTO DO PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE SANCIÓNS URBANÍSTICAS E LIQUIDACIÓN DE EXECUCIÓN SUBSIDIARIA. EXPTE. 9530/407.

Dáse conta do informe-proposta de data 24/01/17, asinado pola técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos, e o xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

Os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.

Por parte deste organismo impuxéronse multas que non foron ingresadas no período voluntario, polo que deben pasar á vía de constrinximento.

Así mesmo hai unha liquidación do importe dunha execución subsidiaria que non foi abonado no período voluntario concedido ao efecto.

De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio”.

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada das seguintes sancións urbanísticas e liquidación de execución subsidiaria que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio:

- | | |
|---|----------------|
| • Miguel Prieto Florines (NIF 36123845E) | 600,00 euros |
| • Daniel Prieto Florines (NIF 36125812B) | 600,00 euros |
| • Mª Isabel Rodríguez Rodríguez (NIF 76613791D) | 600,00 euros |
| • Santiago Loureiro Lago (NIF 35936403F) | 1.000,00 euros |
| • Humberto Domínguez Rodríguez (NIF 35814719Q) | 1.500,00 euros |
| • Obras y Construcciones Alén, S.A. (CIF A36063667) | 1.500,00 euros |
| • Luis Miguel Cancelas Fernández (NIF 33847417L) | 1.000,00 euros |
| • Promociones Urbanas Rama, S.L. (CIF B36992485) | 400,00 euros |
| • M.ª Mercedes Gonzalo Barcia (NIF 35956799W) | 400,00 euros |
| • Francisco Calle Sierra (NIF 36131092R) | 400,00 euros |
| • Pesca Baqueiro, S.A. (CIF A36653962) | 1.000,00 euros |
| • Dolores Domínguez Carballa (NIF 35831940X) | 1.000,00 euros |
| • Joaquín Domínguez Carballa (NIF 35857900A) | 1.000,00 euros |
| • Promociones Activas del Atlántico, S.A. (B36926863) | 1.000,00 euros |

| | |
|--|----------------|
| • M. ^a Pilar Lago Domínguez (NIF 35878344T) | 1.000,00 euros |
| • Obras y Construcciones Alen, S.A. (CIF A36063667) | 1.000,00 euros |
| • Azliena Gestión, S.L. (CIF B36942803) | 4.500,00 euros |
| • Valery Karpin & Asociados, S.L. (CIF B36930188) | 1.000,00 euros |
| • Valery Karpin & Asociados, S.L. (CIF B36930188) | 1.000,00 euros |
| • Toucruz, S.L. (CIF B36435147) | 2.500,00 euros |
| • Toucruz, S.L. (CIF B36435147) | 3.500,00 euros |
| • Bruesa Inmobiliaria, S.A. (CIF A95339172) | 9.873,60 euros |

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

12(42).- TOMA DE COÑECEMENTO DO PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE COTA DE URBANIZACIÓN. EXPTE. 9515/407.

Dáse conta do informe-proposta de data 17/01/17 asinado pola técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos e o xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

O día 14.05.2007, a Xunta de Goberno Local, acordou, entre outros, aplicar á xestión do Polígono 2 do PERI IV-01 San Roque A, o modelo xeral de Estatutos e Bases de Actuación aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo o 11.12.2003 (BOP núm. 1, do 02.01.2004) e aprobar a constitución da Xunta de Compensación do devandito polígono, efectuada na escritura pública outorgada o día 01.02.2007 perante o Notario do Ilustre. Colexio de Galicia, D. José Antonio Somoza Sánchez, ao nº. 327 do seu protocolo.

Mediante Resolución de data 23.11.2007 do Director Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, a dita entidade urbanística colaboradora foi inscrita no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras.

En data 4 de novembro de 2016, D. Luis Carrajo Toro, na súa condición de Presidente de dita Xunta de Compensación, presentou escrito no rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo solicitando a incoación do oportuno expediente administrativo de apremio polas cotas ordinarias aprobadas en Asemblea Xeral ordinaria celebrada o día 21 de decembro de 2015, fronte ao propietario-debedor Maestros en Obras, S.L., titular do CIF B-36.814.390.

Acompaña á súa solicitude a seguinte documentación:

- Copia da acta da Asemblea Xeral do día 21 de decembro de 2015, na que se adoptaron, entre outros, os acordos de aprobación do orzamento do exercicio 2016, e da obriga de efectuar un primeiro pagamento antes do 31 de xaneiro de 2016 para facer fronte aos gastos incluídos en aquel.

- Primeira notificación da cota a abonar por Maestros en Obras, S.L., que segundo a súa cota de participación acada un importe de 1.649,26 euros.

- Requerimento de pago efectuado por burofax, con acuse de recibo de data 15 de setembro de 2016..

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

O artigo 40.3 dos Estatutos da Xunta de Compensación establece que o pago das cotas realizarase no prazo máximo de dez días hábiles dende a data de notificación do requerimento que efectuará o Concello Rector. A falta de pago no prazo sinalado, dará lugar á imposición dun recargo do interese básico do Banco de España incrementado en seis puntos. Transcorrido o referido prazo demandarase ao debedor na vía xudicial ordinaria, ou subsidiariamente interesarse da Administración municipal a incoación dun procedemento de constrinximento contra él.

Segundo o artigo 163.1 da Lei Xeral Tributaria, o procedemento de prema é exclusivamente administrativo e a competencia para entender do mesmo e resolver todas as súas incidencias corresponde unicamente á Administración tributaria.

A providencia de apremio será título suficiente para iniciar o procedemento de constrinximento e terá a mesma forza executiva que a sentenza xudicial para proceder contra os bens e dereitos dos obrigados.

Dito procedemento non será acumulable aos xudiciais nin a outros procedementos de execución. A súa iniciación ou tramitación non suspenderá a iniciación daqueles, salvo cando proceda de acordo co establecido na Lei Orgánica 1/1987, de 18 de maio, de Conflictos Xurisdiccionais, ou coas normas do artigo 164 da Lei Xeral Tributaria.

O procedemento de apremio se iniciará e impulsará de oficio en todos os seus trámites e, unha vez iniciado, só se suspenderá nos casos e na forma prevista na normativa tributaria. Se iniciará mediante providencia notificada ao obrigado na que se identificará a débeda pendente, se liquidarán os recargos que procedan e se lle requerirá para que efectúe o pago.

De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo "a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio".

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada da cota de urbanización adebedada pola sociedade mercantil Maestros en Obras, S.L. (CIF B-36.814.390) á Xunta de Compensación Polígono 2 PERI IV-01 San Roque A, de 1.649,26 euros, correspondente ao exercicio 2016, que se remite ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dite a correspondente providencia de apremio.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

13(43).- CONVENIO DE COLABORACIÓN COA AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAI S E COA FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” PARA A ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DO ENTROIDO 2017 E BASES DE PARTICIPACIÓN E CONVOCATORIAS DOS CONCURSOS DE COMPARSAS E CARROZAS, DISFRACES E CARREIRA POPULAR. EXPTE. 6837/335.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 01/02/17 e o informe de fiscalización do 02/02/17, dáse conta do informe-proposta do 02/02/17, da xefa do Servizo de Festas, conformado pola concelleira-delegada de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“INFORME.

*O Servizo de Festas da concellería de Festas e Turismo está a traballar na organización do **Entroido 2017**, que terá lugar na nosa cidade entre os días 24 de febreiro e 1 de marzo, segundo a programación que consta neste expediente anexo II.*

Por este motivo, con data 24 de xaneiro de 2017, a Concelleira Delegada da Área de Festas e Turismo resolveu que se iniciase un expediente para a sinatura do convenio de colaboración para a organización deste evento coa Agrupación de Centros Deportivos e Culturais e coa Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”.

Dende o ano 1996, véñense realizando con ambas as dúas entidades convenios de colaboración para o mesmo fin, así como similares, cun resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

A xustificación deste convenio vén dada na propia lexislación vixente, concretamente nos artigos 25.2. m,72 e 127 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, no que se fai referencia a que o municipio no ámbito das súas competencias pode promover toda clase de actividades culturais que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, así como que as entidades locais deben favorecer o desenvolvemento das asociacións para defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños; e á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais. As dúas entidades asociativas propostas aglutinan a maior parte do movemento asociativo da nosa cidade nos ámbitos sectoriais da cultura e das peñas recreativas.

Desta forma, o Concello administra a execución dunha actividade de carácter exclusivo por razón do obxecto e cunha clara contraprestación efectiva, concertando a tal fin unha

colaboración en exclusiva, coa Agrupación de Centros Deportivos e Culturais e coa Federación de Peñas "El Olivo", o cal determina que o financiamento de 85.000,00 euros se execute contra o capítulo 2 do orzamento.

O presuposto total do convenio ascende, segundo o detalle presentado pola comisión organizadora e que figura como Anexo III, a 85.000,00 euros, que incluírá os gastos que se xeren como consecuencia da programación que figura no Anexo II e premios dos concursos recollidos nas bases no Anexo I.

Este gasto financiarase con cargo á partida presupostaria 3380.227.9906 (convenio organización entroido) por importe de 85.000 €, do programa presupostario prorrogado do presente exercicio, sen que esta cuestión afecte ao normal desenvolvemento de execución do gasto previsto.

En cumprimento do establecido no artigo 48.3 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, convén incidir na vantaxe da colaboración coas entidades Agrupación de Centros Deportivos e Culturais e coa Federación de Peñas "El Olivo", na medida que permite rebaixar significativamente os custos de produción do evento, en particular os derivados da participación do seu persoal nas tarefas de coordinación de actividades tales como: Pregón, Entronización do Meco, Animación de rúas, coordinación do mercado, desfile de comparsas, concursos, verbenas, actuacións artísticas, montaxe de infraestruturas, coordinación da carreira popular, coordinación do Entroido infantil, exequias funerarias, queima do Meco, acompañamento da comitiva.

As anteditas entidades aportarán ademais dezaseis xefes/as de equipo que traballarán na coordinación das persoas voluntarias inscritas na Oficina Municipal de Voluntariado para o control do público asistente aos desfiles, e o persoal encargado da coordinación da montaxe, desmonte e en relación cos custos do programa. O persoal encargado da coordinación da montaxe, desmonte e control do desfile-concurso de comparsas conleva a participación de máis de 300 persoas.

Esta vantaxe económica esta baseada na comparativa do orzamento relativo dos custos de persoal de coordinación e auxiliar de todas as actividades do Entroido 2017 presentados polas entidades Agrupación de Centros deportivos e Culturais e Federación de Peñas Recreativas El Olivo que ascenden a 16.200,00 € (8.100 € por cada entidade), e unha estimación económica baseada nos prezos de mercado de calquera empresa de servizos de produción de espectáculos. Facendo o cálculo aproximado sobre o número de persoas necesarias para o desenvolvemento do mesmo, a duración do programa (seis días), e o custo por persoa, categoría e número de horas, os custos serían os seguintes:

Coordinación e seguimento da montaxe e desmonte de infraestruturas, equipos de luces e son (4 persoas x 18 horas x 30,00€/hora 2.160,00 €; coordinación e control, montaxe, desmonte do desfiles integrado por máis de 30 comparsas (240 persoas x 5 horas x 15,00 € hora) 18.000,00 €; Pregón, entronización e "Queima do Meco" (8 persoas x 4 horas x 15,00 € hora) 480,00 €; Entroido Infantil 8 (persoas x 8 horas x 15,00 €/hora) 960,00 €; verbenas, espectáculos e actuacións artísticas (8 persoas x 8 horas x 15,00 € hora 960,00 €; coordinación e organización dos xefes de equipos das actividades (2 persoas x 62 horas x 30 €/horas 3.720,00 € que fai un total de 26.280 €.

A este importe de 26.280 € relativo a contratación de persoal relacionado coa produción técnica dos eventos habería que engadirille a contratación de todos os servizos recollidos na programación e que están relacionados no anexo II do convenio.

Á vista do que antecede, e coa conformidade da Concelleira de Festas e Turismo, e tras o informe favorable do convenio proposto, e previo informe da Intervención de fondos, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA.

1º.- Aprobar a proposta de convenio, que se achega ao expediente, para a colaboración e produción da programación dos eventos do Entroido 2017, coa Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF G-36.791.291 e coa Federación de Peñas Recreativas El Olivo, CIF- G-36.704.666.

2º.- Aprobar as bases técnicas de participación e convocatorias nos concursos de comparsas, carrozas, disfraces da edición do Entroido 2017 e regulamento da III Carreira do Entroido (anexo I do convenio).

3º Aprobar a programación dos actos do Entroido 2017 (anexo II do convenio).

4º.- Autorizar un gasto total de 85.000,00 euros, para a produción e premios das actividades programadas, con cargo a partida presupostaria 3380.227.9906 (convenio organización entroido), a favor de:

- Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF G-36.791.291 a cantidade de 41.000,00 € na conta nº IBAN ES27 2100.5912.4802.0002.1010 domiciliada na entidade LA CAIXA, da que é titular a entidade.
- A Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", CIF G-36.704.666 a cantidade de 44.000,00 € na conta nº IBAN ES09 2080 5077 9330 4001 6285 domiciliada en ABANCA, da que é titular a entidade."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROPOSTA DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO, A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO" PARA A ORGANIZACIÓN DOS ACTOS DO ENTROIDO 2017.

Vigo, de febreiro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, dona ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ, na súa calidade de CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE FESTAS E TURISMO DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 19 de xuño de 2015, e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015.

D. ROBERTO GIRÁLDEZ BARBEITOS presidente da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS, CIF. G-36.791.291, enderezo social na rúa Ecuador nº 34 VIGO, e número de inscrición 386/95 no rexistro municipal de asociacións, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do secretario que figura na documentación do expediente.

e Doutra, D. CAMILO PAIS MARTÍNEZ, como presidente da Federación de Peñas recreativas "El Olivo", CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na praza dos Galegos Ilustres de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente.

En adiante, denominaranse "COMISIÓN COLABORADORA".

Intervindo ambas as dúas partes coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, e recoñecéndose mutuamente a capacidade legal suficiente, que din non teren limitada, para o outorgamento do presente Convenio

MANIFESTAN

1. Que o **Entroido** é un dos eventos festivos populares máis participativos e de maior arraigo na cidade de Vigo, no que a cidadanía toma a cidade como protagonista e a rúa como espazo privilexiado das festas.

2. Que o Concello de Vigo leva a cabo dende hai anos un labor importante de recuperación e impulso desta festividade, mediante a programación de actividades de animación socioculturais diversas, de concursos de comparsas e carrozas, e disfraces; cun amplo programa de actuacións musicais e verbenas; animación infantil; pregón, enterro do meco, etc..

3. Que no **Entroido** participan activamente e de forma intensiva diversas entidades con carácter cultural, social e veciñal, aspecto que vén recollido na propia lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

4. Que dende o ano 1996 estanse a asinar convenios de colaboración entre estas entidades e o Concello de Vigo, cun resultado moi satisfactorio para ambas as partes. Por todo isto, as entidades que forman a COMISIÓN ORGANIZADORA amósanse interesadas e dispostas a organizar a programación da presente edición do Entroido na cidade de Vigo.

5.- Que a realización desde convenio de colaboración mellora a eficacia da xestión pública e facilita a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuíndo á realización de actividades de utilidade pública, en cumprimento do establecido no artigo 38.3. da lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

Polo que, en consideración ao antes exposto, o Concello de Vigo e as entidades referidas establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto a organización da programación do ENTROIDO 2017 que se oferta á cidade de Vigo, segundo programa das actividades (anexo II) e bases dos diferentes concursos (anexo I) deste convenio.

Segunda.- A programación do ENTROIDO 2017 levarase a cabo na cidade de Vigo nos días e lugares que aparecen na devandita programación: do venres, 24 de febreiro ao mércores, 1 de marzo de 2016.

A tal fin a produción destas actividades deberán suxeitarse ás normas e procedementos que se establecen na programación e bases técnicas, cumprindo en todo momento os principios de publicidade e concorrència.

Terceira.-

1º.- O concello de Vigo establecerá unha contrapartida económica, con todos os conceptos e impostos incluídos por importe de **85.000,00 euros** para o desenvolvemento das actividades do ENTROIDO 2017, que se financiará con cargo aos créditos consignados no programa orzamentario da Concellería de Festas, da partida 3380.227.9906 (convenio organización entroido), do exercicio económico do 2017. A desagregación deste orzamento figura no anexo III deste convenio, segundo o presentado pola COMISIÓN ORGANIZADORA.

2º.- O Concello de Vigo aboará a cantidade de 85.000 € como contrapartida deste convenio, previa presentación da correspondente solicitude de pagamento, memoria final das actividades asinadas por ambas as dúas entidades, e certificado de conformidade do cumprimento asinado polo persoal técnico da Concellería de Festas e Turismo, conforme ao seguinte:

- Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF G-36.791.291 a cantidade de 41.000,00 € (corenta e un mil euros) na conta nº IBAN ES27 2100.5912.4802.0002.1010 domiciliada na entidade LA CAIXA, da que é titular a entidade.
- A Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", CIF G-36.704.666 a cantidade 44.000,00 € (corenta e catro euros) na conta nº IBAN ES09 2080 5077 9330 4001 6285 domiciliada en ABANCA, da que é titular a entidade.

Xunto coa solicitude de pagamento as entidades terán que presentar antes da primeira quincena de decembro:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo gasto do orzamento.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio

equivalente no tráfico xurídico mercantil presentárase en orixinal. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicita a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal. En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- Terán que presentar xustificantes de pagamento dos premios recollidos nas actas do xurado dos dous concursos mencionados.

Cuarta.- Estabéllese a seguinte composición da comisión colaboradora, os cales serán os únicos interlocutores válidos da mesma xunto ó persoal técnico da Concellería de Festas e Turismo:

- Pola Agrupación de Centros deportivos e culturais: o interlocutor titular don Roberto Giráldez Barbeitos e o interlocutor suplente: don Pablo Moreiras González.
- Pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”: o interlocutor titular don Camilo País Martínez e o interlocutor suplente: D. Raul Vila Caride

Así mesmo, forman parte desta comisión en representación do Concello de Vigo, con funcións de supervisión, seguimento e control de todo o referente á organización, desenvolvemento o persoal técnico da Concellería de Festas e Turismo.

Durante o desenvolvemento das actividades incluídas no programa, o responsábel da comisión organizadora estará en permanente contacto con todo o persoal despregado, así como cos membros de Policía Local, Protección Civil, e servizos de primeiros auxilios presentes. Así mesmo, deberá estar en permanente contacto co persoal técnico do servizo de Festas da Concellería de Festas e Turismo. Para facer posíbel este cometido, a organización deberá dispor dun mínimo de dez intercomunicadores ao seu cargo, ademais de teléfonos móbiles ou outro sistema de comunicación similar, en perfecto estado de uso e coa suficiente batería para garantir esta función, durante todo o período de desenvolvemento da actividade.

Coa periodicidade necesaria, e previa comunicación cun mínimo dun día de antelación, estableceranse as reunións necesarias co obxecto de concretar os criterios organizativos para o desenvolvemento dos eventos e entrega da información escrita precisa acerca da organización dos mesmos.

A comisión presentará na Concellería de Fesas e Turismo nos tres días hábiles seguintes á finalización do programa, un informe das posíbeis incidencias acontecidas antes, durante e despois do seu desenvolvemento.

Quinta.- As obrigas que asume a COMISIÓN ORGANIZADORA respecto do Concello son as seguintes:

1. Planificación, seguimento, execución e produción integral do programa obxecto deste convenio, segundo o proxecto que figura no anexo II, e que foi confeccionado pola comisión organizadora.
2. Aportar a información sobre os tipos de espectáculos e actividades previstos e realizar unha previsión aproximada de asistencia do público.
3. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos e realizar, no seu caso, as correccións técnicas que resulten necesarias.
4. En canto a instalación e montaxe das infraestruturas necesarias, deberán ter declaración de conformidade do fabricante CE e copia da documentación da ITV conforme, correspondente a escenarios móbiles ou documento análogo acreditativo do estado de idoneidade do mesmo (asinado polo técnico competente).
5. Boletíns eléctricos de instalación (asinados polo técnico competente).
6. Proporcionar toda a infraestrutura e o persoal de organización cualificado necesarios para as actividades comprendidas na programación obxecto do convenio, ademais de cubrir os desprazamentos necesarios. Así mesmo terán que nomear os/as “Xefes/as de Equipo” encargados da coordinación das persoas voluntarias inscritas na Oficina Municipal de Voluntariado, (ata oito xefes de equipo por entidade),
7. Comprobar o día anterior e o mesmo día do desfile do concurso de comparsas e carrozas que a altura do alumbrado do Entroido 2017, permite o paso das carrozas e máis de calquera elemento de animación inscritos nas comparsas.
8. Cumplimento do establecido do Plan de Autoprotección para os actos do Entroido 2017 contratado polo servizo de Festas do Concello de Vigo coa empresa PREVENTECNIA, S.L.
9. Realizar as contratacións necesarias para o desenvolvemento do programa:
 - Animacións de rúas (murgas, merdeiros, charangas)
 - Contratación de espectáculos infantís.
 - Contratación das orquestras
 - Valados de seguridade, cortes de tráfico, estrutura para persoas con mobilidade reducida, punto de encontro de nenos perdidos, megafonía, luces e son, intercomunicadores, escenario de 8 x 6 metros como mínimo e calquera outra necesaria para o desenvolvemento do programa.
 - Deseño, realización e instalación do Meco.
 - Iluminación ornamental para os espazos adicados ao Entroido 2017.

- Escenografía do pregón, sentenza, xuízo, velorio e enterro do Meco.
- Obradoiros e actividades lúdicas da programación infantil.
- Decoración da Lonxa da Casa do Concello para o desenvolvemento dos concursos.
- Servizos de cruz vermella.
- Megafonía e iluminación.
- Reportaxe fotográfica.
- Agasallos aos membros dos xurados.
- Calquera outro necesario para o bo desenvolvemento do programa.
- Publicidade (folletos, carteis e lona micro perforada para o escenario)
- Contratación de todos os gastos derivados da organización da carreira popular.

9. Asumir a edición do material gráfico da programación do Entroido e da súa distribución, para o que deberá contar coa conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas e Turismo. A tal fin utilizaranse os seguintes soportes informativos:

- 1.500 unidades de carteis referenciais do Entroido 2017.
- 20.000 unidades de programas de man informativos das actividades.
- 1 lona para o fondo do palco, reproducindo o cartel do “Entroido 2016” e incorporando os logotipos do Concello de Vigo e máis das entidades colaboradoras e da Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo.

10. Dotar para a coordinación e desenvolvemento das actividades recollidas no programa o persoal que actuará como “Xefes/as de Equipo” para a coordinación das persoas voluntarias inscritas a través da Oficina Municipal de Voluntariado e como persoal de seguimento e control das actividades. Este persoal terá que levar de forma obrigatoria e en todo momento prendas identificativas.

Con respecto as persoas voluntarias terán que estar rexistrados na Oficina Municipal de Voluntariado. Así mesmo levarán durante o desenvolvemento das actividades nas que participen, en concreto durante o concurso de comparsas e carrozas do día 25 de febreiro, o chaleco identificativo da Oficina Municipal de Voluntariado.

Tanto o persoal contratado polas entidades, como as persoas voluntarias da Oficina Municipal de Voluntariado terán prohibido o consumo de alcohol o tabaco durante o desenvolvemento das actividades recollidas no programa.

11. Devolver os equipamentos cedidos polo Concello e os lugares onde se desenvolvan as actividades nas mesmas condicións da entrega. As perdas ou deterioros destes materiais ou instalacións serán restituídas pola comisión organizadora, dentro do período de vixencia do presente convenio.

12. Comunicar os posibles cambios no programa que se puidesen producir, antes do seu comezo, para recabar a correspondente conformidade do persoal técnico do

Servizo de Festas ás posibles modificacións. Así mesmo, deberán comunicar, á maior brevidade posíbel, calquera incidencia acontecida durante o desenvolvemento do programa (necesariamente deberase remitir informe escrito do feito acontecido por parte dos responsables da comisión).

13. Asumir todos os seguros relativos ás infraestruturas, actividades e espectáculos que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente: responsabilidade civil, accidentes, etc, para dar resposta ás posíbeis incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade das entidades asinantes. As entidades presentarán copia destes seguros antes da sinatura do presente convenio.

14. Cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta de Galicia. Así mesmo, deberán cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ao respecto.

15. Presentar na Concellería de Festas e Turismo a memoria de execución, contendo a programación desenvolvida, datos de participación e asistentes, recursos utilizados, avaliación, balance de gastos e ingresos finais, relación detallada dos gastos executados cos datos do emisor da factura, CIF/NIF, data e importe con todos os impostos incluídos e retencións que proceda aplicar, memoria de prensa, rexistros fotográfico e audiovisual, incidencias).

16. Darlle á programación a maior difusión posíbel, utilizando os mecanismos habituais da Concellería de Cultura, Festas e Museos, e respectando a imaxe corporativa do Concello de Vigo.

17. Xestionar e aboar os dereitos de autor que se xeren como consecuencia desta programación.

18. Organizar a distribución dos diferentes elementos que compoñen o desfile-concurso de comparsas e enterro do Meco nos lugares de concentración e percorrido establecidos.

18. Asumir todos os gastos de produción e entrega dos premios derivados dos diferentes concursos de comparsas, carrozas, disfraces previstos, conforme as bases e convocatoria anual que se achega como anexo I e no presuposto anexo III a este convenio.

19. A comisión organizadora procurará sempre que sexa posible solicitar varios orzamentos para cada contratación que se realice, co obxecto de debatelos na comisión e escoller a opción máis vantaxosa, sobre todo no referente ás orquestras, material gráfico, animación infantil e material escenográfico.

20.- Cumprir co establecido no Plan de Autoprotección e medidas de emerxencia contratado polo Servizo de Festas para o desenvolvemento da programación do Entroido 2017.

Sexta.- As obrigas que asume o Concello de Vigo son as seguintes:

1. O Concello de Vigo comprométese a achegar a cantidade mencionada na cláusula terceira, para financiar a realización do programa do ENTROIDO 2017 anexo II, segundo o presuposto que figura no anexo III.

2. O servizo de Festas da Concellería de Festas e Turismo xestionará a presenza do persoal dos diferentes servizos municipais necesarios para a produción dos eventos, en particular os servizos de Policía Local, Protección Civil e Bombeiros, así como a xestión de todas aquelas accións que se derivan da reserva das instalacións municipais necesarias. Así mesmo contratará un Plan de Autoprotección e de Medidas de emerxencia contratado polo Servizo de Festas para o desenvolvemento da programación do Entroido 2017.
3. Determinará o xurado do concurso de comparsas e facilitará na medida do posíbel a tramitación interna de todos os permisos e autorizacións municipais necesarios para a realización das actividades do ENTROIDO 2017 recollida na programación (anexo II).

Sétima.- A participación en todas as actividades previstas no programa do Entroido 2017 serán gratuítas e dirixidas ó público en xeral, limitándose unicamente ao aforo dos recintos e espazos onde se leven a cabo.

Oitava.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese con base nas memorias e informes que presente a comisión organizadora e da presenza do persoal técnico da Concellería de Festas e Turismo nas propias actividades que se determinen.

Novena.- A produción e difusión de material gráfico relacionado coas actividades do programa serán asumidas integramente pola comisión organizadora. O material editado deberá contar coa conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas e Turismo. A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estarán integramente na lingua galega.

O logotipo e anagrama do Concello de Vigo figurará debidamente nos soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

A difusión ós medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, entrevistas, traballos, etc.) deberá estar acordada coa Concellería de Festas e Turismo.

Así mesmo, todo o persoal de organización ou relacionado coa mesma deberá utilizar o galego para dirixirse ao público asistente ás actividades do programa, e en todo caso cumprir co estipulado na Ordenanza Municipal de Normalización lingüística.

A comisión organizadora terá que acreditar as cantidades do material gráfico editado relacionado na cláusula quinta. 5, no momento de xustificar o cumprimento do convenio de acordo co estipulado na cláusula terceira.

Décima.- En caso dalgún incumprimento do clausulado do presente convenio, realizaranse os descontos e, no seu caso, devolucións correspondentes, de conformidade ao orzamento que figura no anexo II e cos prorrateos ós que tivese lugar.

Décimo primeira.- O presente convenio terá unha vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Décimo segunda.- A concelleira delegada da Área de Festas e Turismo queda facultada para solucionar as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan o seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado o presente convenio no lugar e data que se indican,

POLO CONCELLO DE VIGO:

A concelleira delegado da Área de Festas e Turismo
Ana Laura Iglesias González

POLA COMISIÓN ORGANIZADORA:

Agrupación de Centros
recreativasDeportivos e Culturais
Roberto Giráldez Barbeitos

Federación de Peñas
"El Olivo"
Camilo Pais Martínez

ANEXOS:

ANEXO I - Bases dos concursos de comparsas e carrozas, disfraces e Carreira do Entroido 2017.

ANEXO II - Programa de actividades

ANEXO III - Orzamento de execución

PROGRAMA ENTROIDO 2017
Vigo - do 24 de febreiro ao 1 de marzo

VENRES, 24 DE FEBREIRO

ANIMACIÓNS DE RÚA

Lugar: rúa Príncipe e Porta do Sol.

Horario: das 18:00 ás 20:00 horas

ENTRONIZACIÓN DO MECO

Lugar: Porta do Sol

Horario: 20:00 horas

PREGÓN:

Lugar: Escenario da Porta do Sol

Horario: 20:15 horas

CONCERTO:

Lugar: Escenario da Porta do Sol.

Horario: a continuación do pregón

SABADO, 25 DE FEBREIRO

ANIMACIÓNS DE RÚA

Percorrido: rua do Príncipe e Porta do Sol.

Hora: 17:00 ás 18:00 horas

DESFILE-CONCURSO DE COMPARSAS E CARROZAS

Lugar de concentración: Avda. García Barbón (entre Julián Estévez e Isaac Peral)

Hora de concentración: 17:00 horas

Hora de saída do desfile: 18:00 horas

Percorrido: Avda. de García Barbón (dende a rotonda de Isaac Peral), Policarpo Sanz e Porta do Sol (remate).

VERBENA:

Lugar: Porta do Sol

Hora: de 00:00 a 02:30 horas

DOMINGO, 26 DE FEBREIRO

MERDEIROS

Lugar: Centro Histórico.

Horario: mañá e tarde.

CARREIRA POPULAR

Modalidades: Infantil, adulto e veterano.

- Itinerario Adulto e veterano: Porta do Sol (saída), rúa Elduayen, Paseo de Alfonso XII, rúa Pi y Margall, rúa López de Mora, avenida Camelias, rúa Romil, rúa Cachamuíña, Ronda de Don Bosco, rúa Progreso, rúa Doutor Cadaval e Porta do Sol (remate).

Horario Adulto e Veterano: 11:00 horas.

- Itinerario Infantil: rúa Príncipe

Horario infantil: a partir de 10:15horas.

ANIMACIÓN DE RÚA

Percorrido: rúa do Príncipe, Porta do Sol e praza da Princesa.

Hora: 17,00 a 19:00 horas.

ACTUACIÓN INFANTIL:

Lugar: Porta do Sol

Hora: 17:00 horas

CHOCOLATADA INFANTIL

Lugar: Porta do Sol

Hora: 18,00 horas

LUNS, 27 DE FEBREIRO

ANIMACIÓN DE RUA

Percorrido: rúa do Príncipe e Porta do Sol.

Hora: 17:00 ás 18,00 horas

ENTROIDO INFANTIL NA LONXA DA CASA DO CONCELLO

OBRADOIROS INFANTÍS:

Lugar: Vestíbulo do Auditorio Municipal da Casa do Concello.

Hora: das 17:00 ás 20:00 horas

ACTUACIÓN INFANTIL:

Lugar: Lonxa da Casa do Concello

Hora: das 17:00 ás 18:00 horas

CONCURSO DE DISFRACES CATEGORIAS INFANTIL INDIVIDUAL E GRUPO
INFANTIL CONXUNTADO (até 13 anos)

Lugar: Lonxa da Casa do Concello

Horario de inscrición: de 17:00 a 18:00 horas

Hora de concurso: das 18:00 ás 20:00 horas

Martes, 28 DE FEBREIRO

MERDEIROS

Lugar: Centro Histórico.

Horario: mañá e tarde.

ANIMACIÓN DE RÚA

Percorrido: rúa do Príncipe e Porta do Sol.

Hora: 17:00 ás 18:00 horas

ENTROIDO INFANTIL NA LONXA DA CASA DO CONCELLO

OBRADOIROS INFANTÍS:

Lugar: Vestíbulo do Auditorio Municipal da Casa do Concello.

Hora: das 17:00 ás 20:00 horas

ACTUACIÓN INFANTIL:

Lugar: Lonxa da Casa do Concello

Hora: das 17:30 ás 18:30 horas

CONCURSO DE DISFRACES CATEGORIAS INDIVIDUAL XERAL E GRUPO XERAL
CONXUNTADO. (a partir de 14 anos)

Lugar: Lonxa da Casa do Concello

Horario de inscrición: de 17:30 a 18:30 horas.

Hora de concurso: das 18:30 ás 20:30 horas

ANIMACIÓNS DE RUA

Lugar: Praza da Constitución (acompañamento da queima do Meco) ata a Porta do Sol.

Horario: 22,30 horas.

VERBENA:

Lugar: Porta do Sol

Horas: 1º pase de 22:00 a 22:30 horas / 2º pase de 00:00 a 01:00 horas

QUEIMA DO MECO.

Lugar: Porta do Sol

Hora: 23:00 horas

MÉRCORES, 1 DE MARZO

EXEQUIAS FUNERARIAS SOLEMNES DAS COMPARSAS

Lugar: Porta do Sol.

Hora: 18:00 horas

ACOMPAÑAMENTO DA COMITIVA

Percorrido: Porta do Sol, rúa do Príncipe, rúa Velazquez Moreno, rúa de Policarpo Sanz (remate: Porta do Sol).

Hora: 18:30 horas

SEPELIO DO MECO

Lugar: Escenario da Porta do Sol

Hora: 19:30 horas

OFICIOS LAICOS: responsos e sermóns.

LECTURA DA ACTA DO XURADO E ENTREGA DOS PREMIOS DOS CONCURSOS DE COMPARSAS E CARROZAS.

14(44).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo intervencións neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez